



Primeira Convocatoria Exame de Acceso á Avogacía 2023

*CONVOCATORIA DA PRIMEIRA PROBA DE AVALIACIÓN DE APTITUDE PROFESIONAL PARA O
EXERCICIO DA PROFESIÓN DA AVOGACÍA PARA O ANO 2023*

MODELO PROVISIONAL DE RESPONSTAS DA PROBA ACCESO Á AVOGACÍA PARA O ANO 2023

MODALIDADE EN LIÑA

NOTA: Debido á modalidade en liña do exame e á aleatoriedade das preguntas e respostas, o seguinte cuestionario recolle o contido íntegro das preguntas e respostas, remarcando en formato vermello a resposta correcta.

A. MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE AVOGADO/A

1 – Matías, avogado Colexiado exercente, foi condenado en sentenza firme á pena de prisión de seis meses e un día de inhabilitación especial para o dereito do sufraxio pasivo, por estafar aos seus clientes a cantidade de 12.000 €. Perde necesariamente Matías a condición de Colexiado como consecuencia da devandita condena penal?

- a) Si, en todo caso.
- b) Non, dado que só as condenas por delitos contra a Administración de Xustiza producen a perda automática da condición de Colexiado.
- c) Si, pois toda condena penal firme leva aparellada a perda da condición de Colexiado.
- d) **Non, en todo caso.**

2 – Juan, español, maior de idade, residente en Lucena e en posesión de título oficial que habilita para o exercicio da profesión da avogacía, pretende Colexiarse como non exercente no Colexio de Avogacía da dita localidade. Con todo, actualmente atópase incurso en causa de incapacidade que impide o cumprimento da misión de defensa e asesoramento que aos profesionais da avogacía se encomenda. Poderá Juan Colexiarse nesas circunstancias?

- a) Si, tras a superación dunha proba de aptitude especificamente deseñada polo Colexio de Avogacía do lugar para eses casos.
- b) Non, ao constituír causa de incapacidade para o exercicio da avogacía prevista como tal no Estatuto xeral da avogacía.
- c) **Si.**
- d) Non, salvo dispensa outorgada polo Consello Xeral da Avogacía Española.

3 – Amaya, avogada en exercicio, especializada en responsabilidade civil derivada de vehículos de motor, está a deseñar unha estratexia publicitaria para atraer novos clientes ao seu despacho. Para iso, publicou anuncios nos que convida os seus futuros clientes a se dar “golpiños” cos seus coches, asegurando que debido á súa cualificación e profesionalidade iso non será obstáculo para obteren a cobranza da pertinente indemnización. Son conformes estes anuncios coa normativa de publicidade no ámbito da Avogacía?

- a) Si, sempre que respecte o prazo de corenta e cinco días posteriores ao sinistro para dirixirse aos intervinientes na colisión.
- b) **Non, en todo caso.**
- c) Si, pois para iso non revelou de forma directa ou indirecta feitos, datos ou situacións amparadas polo segredo profesional.
- d) Si, sempre que polo deseño do anuncio se desprenda que o texto fai fincapé nos aspectos relativos á cualificación e profesionalidade.

4 – O Xulgado de Instrución nº 1 de Guadalaxara acordou a entrada e rexistro no despacho profesional de avogados “QQQQ” debido a indicios dun posible delito de branqueo de capitais. O socio principal do despacho pediu ao decano do seu Colexio de Avogacía que asista á dita intervención para garantir a súa proporcionalidade. Porén, por problemas de axenda, o decano declina a petición. É necesaria neste caso a asistencia do decano?

a) Si, dado que a dita intervención é obrigatoria e personalísima, sen posibilidade de denegación ou substitución.

b) Non, sempre que designe a quen para tal fin o substitúa.

c) Si, pois a súa presenza é sempre preceptiva nos casos de entradas e rexistros que afecten a calquera dos seus colexiados no exercicio da avogacía.

d) Non, pois quen debe estar necesariamente nas entradas e rexistros ten de ser o interesado, ou un familiar seu maior de idade, ou dúas testemuñas veciñas da mesma localidade.

5 -Ángela, quen está en posesión de título oficial habilitante para a profesión da avogacía, decide publicitar servizos profesionais de asesoramento xurídico utilizando a denominación “avogada”. Pode Ángela empregar esa denominación?

a) Si, sempre que ademais se incorporase a un Colexio da Avogacía como non exercente.

b) Si, sempre que ademais se incorporase a un Colexio da Avogacía como exercente.

c) Non, en todo caso.

d) Si, en todo caso.

6 – Xoel, avogado exercente, incorporado ao Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, acode á cidade de Valencia para exercer a defensa en xuízo dun dos seus clientes ante diversos xulgados da devandita localidade. Pode Xoel actuar profesionalmente nun lugar distinto ao do Colexio no que se incorporou?

a) Si, sempre que obtivese habilitación do Colexio da Avogacía de Valencia.

b) Si, sempre que obtivese autorización do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.

c) Si.

d) Non, salvo convenio entre ambos os Colexios da Avogacía.

7 – Rosa, avogada en exercicio, gravou unha conversa telefónica cun dos seus clientes en relación a cuestións relativas ao preito en que ela o representa, para así poder protexerse no caso de que a conclusión do asunto non fose do agrado do cliente. É correcto deontoloxicamente o proceder de Rosa?

a) Si, sempre que non divulgue a terceiros o contido da devandita gravación.

b) Non, pois debía advertirlllo antes ao seu cliente.

c) Si, sempre que limite o seu uso para defenderse das represalias do seu cliente pola levanza do asunto.

d) Non, dado que se trataba dunha conversación telefónica.

8 – Marc, avogado en exercicio, que representou hai quince anos a Laura nun famoso asunto de divorcio, vendeu a un xornal a documentación daquel preito aproveitando a renovada importancia mediática do asunto ao se producir a morte do exmarido da súa antiga cliente. É a actuación de Marc contraria á obriga de gardar segredo profesional?

- a) Non, ao transcorreren máis de dez anos desde que cesou na prestación de servizos á súa cliente.
- b) Non, debido ao interese mediático obxectivo da información divulgada.
- c) Si, salvo autorización expresa da súa antiga cliente.
- d) Si, ao non transcorreren vinte anos desde que cesou na prestación de servizos á súa cliente.

9 – Isabel, avogada en exercicio, debido a continuos desencontros cun dos seus clientes, decide chamalo por teléfono e comunicarlle que renuncia á súa dirección letrada. O cliente oponse a esa renuncia lembrándolle que está pendente a celebración do xuízo oral dentro de catro meses. É correcta e procedente a renuncia de Isabel?

- a) Si, pois a renuncia é posible, de forma oral ou escrita, en calquera fase do procedemento.
- b) Non, pois, ao manifestar o cliente a súa oposición e acharse pendente a celebración do xuízo oral, a renuncia non produce efectos ata que este se celebre.
- c) Si, ao comunicar a súa renuncia coa antelación dun mes á celebración do xuízo tal e como esixe o Estatuto xeral da avogacía.
- d) Non, pois para que dita renuncia forneza efectos ha de facerse por escrito.

10 – Cal das seguintes sancións disciplinarias non poden impoñerse aos profesionais da avogacía que sexan titulares de prácticas externas dos mestrados de acceso á profesión?

- a) Multa.
- b) Apercibimento verbal.
- c) Expulsión do Colexio.
- d) Apercibimento por escrito.

11 - Son infraccións moi graves dos profesionais da avogacía:

- a) A condena en sentenza firme por delitos dolosos ou imprudentes, en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio da profesión.
- b) A condena penal firme pola comisión de delitos leves dolosos como consecuencia do exercicio da profesión.
- c) A condena en sentenza firme a penas menos graves conforme o artigo 33.2 do Código penal.
- d) O exercicio da profesión en vulneración de resolucións administrativas firmes de inhabilitación ou prohibición do exercicio profesional.

12- Roberto, avogado en exercicio, foi sancionado disciplinariamente polo seu Colexio da Avogacía pola comisión dunha infracción leve consistente en impugnar reiterada e inxustificadamente os honorarios doutros profesionais da avogacía. Cando prescribirá a sanción imposta a Roberto?

- a) **Aos seis meses desde o día seguinte en que poida ser executada.**
- b) Ao ano desde o día en que a infracción se cometeu.
- c) Aos seis meses desde o día en que a infracción se cometeu.
- d) Ao ano desde o día seguinte en que poida ser executada.

13 – A anotación das sancións no expediente particular da sociedade profesional cancelárase cando transcorresen:

- a) Un ano en caso de sanción de multa pecuniaria de 300 ata 1.501 €.
- b) Un ano en caso de sanción de multa pecuniaria de 300 ata 1.500 €.
- c) **Seis meses en caso de sanción de multa pecuniaria de 300 ata 1.500 €.**
- d) Seis meses en caso de sanción de multa pecuniaria de 300 ata 1.501 €.

14 – Jon, avogado non exercente, incumpriu a súa obrigaón de pagar as cotas correspondentes ao Colexio da Avogacía no que se atopa incorporado. Levará consigo ese impagamento a imposición dalgún tipo de sanción disciplinaria para Jon?

- a) Non, pois aos avogados non exercentes non se lles aplica o réxime disciplinario previsto para os exercentes.
- b) Si, nos casos en que se entenda que incorreu nunha infracción menos grave.
- c) Non, pois o dito incumprimento non se considera como infracción específica no réxime disciplinario dos non exercentes.
- d) **Si, nos casos en que se entenda que incorreu nunha infracción grave.**

15 – De acordo con o establecido no Estatuto xeral da avogacía e co que dispoña a lexislación estatal e autonómica, cada Colexio da Avogacía será rexido por:

- a) Unicamente pola Asemblea Xeral, unha Xunta de Goberno, unha Sección Especializada e o Decano.
- b) Unicamente por unha Asemblea Xeral, unha Xunta Xeral, unha Xunta de Goberno e o Decano.
- c) **Unicamente pola Xunta ou Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno e o Decano.**
- d) Unicamente por unha Xunta Xeral, unha Xunta de Goberno, unha Secretaría Técnica e o Decano.

16 – Laia, quen acaba de incorporarse como avogada exercente ao Colexio da Avogacía da súa localidade, ten a intención de emitir o seu voto nas eleccións á Xunta de Goberno que terán lugar o mes seguinte á súa colexiación. Poderá Laia ser electora no devandito proceso electoral?

- a) **Non, pois para iso é necesario estar incorporado ao Colexio con máis de tres meses de antelación á data da convocatoria das eleccións.**

- b) Si, pois para iso é suficiente con estar incorporado ao Colexio cun mes de antelación ao día de celebración das eleccións.
- c) Non, pois para iso é necesario unha antigüidade dun ano para poder tomar parte en calquera proceso electoral que o Colexio da Avogacía celebre.
- d) Si, pois, a diferenza dos non exercentes, os avogados exercentes non requiren de antigüidade ningunha para poder tomar parte en calquera proceso electoral que o Colexio da Avogacía celebre.

17 – Eduardo, avogado en exercicio, desconforme coa xestión levada a cabo polo Decano do Colexio da Avogacía no que se acha incorporado, o cal conta con máis de cinco mil profesionais da Avogacía, tres mil como exercentes e dous mil como non exercentes, comezou a recoller firmas para a convocatoria dunha Xunta Xeral Extraordinaria coa finalidade de emitir voto de censura contra o Decano. Que número de firmas deberá obter Eduardo para solicitar a convocatoria da Xunta Xeral Extraordinaria?

- a) Un mínimo do 15 por 100 dos colexiados exercentes ou non exercentes, incorporados polo menos con tres meses de antelación.
- b) Un mínimo do 20 por 100 dos colexiados exercentes, incorporados polo menos con tres meses de antelación.
- c) Un mínimo do 15 por 100 dos colexiados exercentes, incorporados polo menos con tres meses de antelación.
- d) Un mínimo do 20 por 100 dos colexiados exercentes ou non exercentes, incorporados polo menos con tres meses de antelación.

18 – Á falta doutra regulación específica, que causas son motivo de cesamento como membro da Xunta de Goberno dos Colexios da Avogacía previstas no artigo 80 do Estatuto Xeral da Avogacía?

- a) Remoción.
- b) Presentación de moción de censura.
- c) Falta de asistencia inustificada a tres sesións consecutivas da Xunta de Goberno ou a seis alternas no termo dun ano, tras acordo da propia Xunta.
- d) **Renuncia.**

19 – Elena, avogada non exercente, condenada á pena de multa de tres meses pola comisión dun delito leve de furto, e membro, á súa vez, do Colexio de Mediadores, ten a intención de presentarse como candidata ás próximas eleccións á Xunta de Goberno do Colexio da Avogacía no que se atopa incorporada. Elena áchase ao corrente do pago das súas cotas colexiais. Pode Elena ser elixida membro da Xunta de Goberno?

- a) Si, pois se atopa ao corrente do pago das cotas colexiais.
- b) Non, pois é causa de inelixibilidade o ser membro doutro Colexio Profesional.
- c) Si, pois a condena penal imposta non leva aparellada inhabilitación para o exercicio da profesión.
- d) **Non, pois os non exercentes non pode ser elixidos á Xunta de Goberno.**

20 – Non constitúen recursos económicos dos Colexios da Avogacía:

- a) As cotas de incorporación.
- b) Os dereitos que correspondan por expedición de certificacións.
- c) As subvencións ou donativos que lle concedan ao Colexio as Administracións públicas ou as persoas físicas ou xurídicas de dereito privado.
- d) **O importe das multas coercitivas impostas para a execución do mandado.**

21 – Julián e Marta, ambos profesionais da avogacía en exercicio, aínda que non se constituíron en sociedade profesional, comparten os gastos correntes do local que ambos utilizan para o exercicio da súa profesión. Cada un emprega unha denominación distinta, pero comparten clientes para determinados asuntos. Pode presumirse que ambos exercen colectivamente a profesión?

- a) Si, pois o feito de compartiren clientes, gastos e localización constitúen presuncións de exercicio colectivo da profesión.
- b) Non, pois para iso é sempre necesario constituírse en sociedade profesional.
- c) Si, en todo caso.
- d) **Non, en todo caso.**

22 – Segundo o Estatuto xeral da avogacía, non son deberes dos profesionais da avogacía:

- a) Comunicar ao Colexio a intención de interpoñer, en nome propio ou do cliente, unha acción de responsabilidade civil ou penal contra outro profesional da avogacía, derivada do exercicio profesional.
- b) Non atribuírse facultades distintas das conferidas polo cliente.
- c) **Pedir a declaración testemuñal do profesional da avogacía da parte contraria ou doutros profesionais da avogacía que tivesen algunha implicación profesional no asunto.**
- d) Comunicar o cesamento ou interrupción das negociacións extraxudiciais antes de presentar reclamación xudicial ou, de ser o caso, de solicitar a execución dunha resolución.

23 – Elisa, avogada que exerce por conta propia, está dada de alta nunha mutualidade de previsión social alternativa ao RETA. Que prestacións mínimas están incluídas na súa cobertura?

- a) **As mesmas prestacións que ofrece o sistema público: xubilación, invalidez permanente, incapacidade temporal incluíndo maternidade, paternidade, risco de embarazo e falecemento que poida dar lugar a viuvez e/o orfandade.**
- b) As coberturas de xubilación e incapacidade permanente.
- c) As coberturas de invalidez permanente, incapacidade temporal e falecemento.
- d) Depende das coberturas que pactase Elisa coa Mutualidade.

24 – Carlos, avogado en exercicio, recibe o encargo dun cliente de presentar unha demanda de modificación de medidas civís. Transcorrido un tempo, Carlos indícalle ao seu cliente que xa presentou a demanda, a pesar de non facelo realmente. En que clase de responsabilidade podería incurrir Carlos?

- a) **Responsabilidade civil, penal e disciplinaria, segundo proceda.**
- b) Responsabilidade civil derivada do delito e en responsabilidade penal, a cal exclúe a responsabilidade disciplinaria por aplicación do principio *non bis in idem*.
- c) Responsabilidade civil ou, alternativamente, en responsabilidade penal exclusivamente.
- d) Responsabilidade civil, penal e de policía de estrados.

25 – Unha sociedade profesional dedicada ao asesoramento xurídico sufriu unha violación de seguridade que afecta os datos persoais dos seus clientes. Como debe proceder a sociedade ante esta circunstancia?

- a) Notificará, en todo caso, a violación á autoridade de control competente na materia.
- b) **Notificará á autoridade de control a dita violación de seguridade só se é probable que a violación constituía un risco para os dereitos e as liberdades dos afectados.**
- c) Bastará con que notifique a violación ao seu delegado de protección de datos.
- d) De ningún xeito, dado que o Código deontolóxico da avogacía e o deber de segredo profesional eximen da obrigaón de notificar á autoridade.

26 – Paula, quen acaba de colexiarse como exercente, pretende constituír unha sociedade profesional co seu compañeiro Rafael. Ambos contratan un seguro de responsabilidade civil profesional, se ben de forma individual. É necesario que contraten un seguro para se constituíren en sociedade profesional?

- a) Non, é suficiente con que se aseguren eles individualmente.
- b) **Si, en todo caso.**
- c) Non é necesario, aínda que é conveniente facelo.
- d) Depende de se a sociedade está composta por socios que non exerzan a avogacía.

27 – Concepción, avogada exercente, que presta servizos por conta allea para un despacho de avogados en réxime de relación laboral especial, ten dúbidas acerca de como facer a súa declaración da renda. Como deberá declarar Concepción no imposto sobre a renda das persoas físicas as retribucións que perciba do devandito despacho?

- a) Como rendementos de traballo se as ditas retribucións non superan os 60.000 € anuais, pero se superan esa cifra as retribucións, deberán de declararse como rendementos de actividades económicas.
- b) Como rendementos de actividades económicas, determinándose ese rendimento polo réxime de estimación directa.
- c) Como rendementos de actividades económicas, polo réxime de estimación obxectiva.
- d) **Como rendementos do traballo.**

28 – Juan Pedro, avogado en exercicio, está a facer limpeza no seu despacho e decide tirar no contedor máis próximo unha serie de expedientes relativos a preitos con máis de vinte e cinco anos de antigüidade. É correcto o proceder de Juan Pedro?

- a) Si, sempre que sexan unicamente datos de clientes cos que xa non se mantén ningunha relación.
- b) Non, porque aínda que sexan datos antigos a súa destrución debe levarse a cabo con pleno respecto das medidas de seguridade.**
- c) Si, salvo que se trate de datos de carácter sensible, caso en que deberán ser sempre custodiados no seu despacho ata que deixe o exercicio da avogacía.
- d) Non, pois o prazo de conservación dos datos no ámbito de avogacía expira aos trinta anos.

29 – O matrimonio formado por Carles e Eduard decidiu someter a mediación a súa disputa. Na segunda sesión, Eduard observa que non van poder chegar a un acordo, polo que decide renunciar e abandonar o proceso de mediación. Pode facelo?

- a) Non. Unha vez iniciado o proceso de mediación, non cabe abandonalo.
- b) Si, por causa xustificada e coa aprobación da persoa mediadora.
- c) Si, pero necesitará da aprobación de Carles.
- d) Si, dado que ninguén está obrigado a manterse no procedemento de mediación nin a concluír un acordo.**

30 – Pau ten recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta, polo que se lle designou para a súa defensa a unha avogada da quenda de oficio, Àngels. Pau quere escoller libremente como procurador ao seu amigo Joan. Pode facelo?

- a) Si, e ademais Pau non terá que facerse cargo dos honorarios de Joan ao ter recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta.
- b) Si, pero Pau terá que facerse cargo dos honorarios de Joan.
- c) Non, posto que en ningún caso poden actuar simultaneamente un profesional da avogacía da quenda de oficio e un profesional da procura libremente elixido.
- d) Non, agás que Joan renuncie por escrito a percibir os seus honorarios.**

31 - A Arantxa notificóuselle unha resolución pola que se lle denega o dereito á asistencia xurídica gratuíta, polo que decide impugnala. Logo de tramitada a súa impugnación, o xuíz competente dita un auto que mantén a resolución impugnada. Que recurso pode interpoñer Arantxa contra o dito auto?

- a) Non cabe ningún recurso.**
- b) Recurso de apelación ante a Audiencia Provincial.
- c) Recurso de reforma ante o mesmo xuíz que o ditou.
- d) Recurso de revisión ante o/a letrado/a da Administración de Xustiza.

32 - Marisa (vendedora) e Manel (comprador) non se poñen de acordo á hora de interpretar unha das cláusulas dun contrato de compravenda que ambos subscribiron, polo que deciden someter a dita disputa a arbitraje. Cal é o órgano competente para o nomeamento do árbitro?

- a) O Xulgado de Primeira Instancia do lugar da arbitraje.
- b) A Audiencia Provincial do lugar da arbitraje.
- c) O árbitro será designado por Manel, á súa elección, ao ser o comprador.
- d) **A Sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma onde teña lugar a arbitraje.**

33 - Laura é a avogada de Irene, quen foi condenada en sentenza firme por un delito de roubo con violencia. Laura desexa interpoñer recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional ao considerar que ao longo do proceso xudicial se vulneraron os dereitos fundamentais da súa cliente. Que prazo ten Laura para interpoñer este recurso?

- a) Noventa días desde a notificación da resolución recaída no proceso xudicial.
- b) Sesenta días desde a notificación da resolución recaída no proceso xudicial.
- c) **Trinta días desde a notificación da resolución recaída no proceso xudicial.**
- d) Vinte días desde a notificación da resolución recaída no proceso xudicial.

34 – Ana, residente en Madrid, quere demandar a aeroliña AAZZ por un atraso de seis horas no seu voo a Canarias. Que Xulgado é competente para coñecer desta demanda?

- a) O Xulgado do Mercantil do domicilio de Ana.
- b) **O Xulgado de Primeira Instancia do domicilio de Ana.**
- c) O Xulgado do Mercantil do domicilio social da aeroliña.
- d) O Xulgado do Contencioso-administrativo do domicilio de Ana.

35 - O axuízamento de cal dos seguintes delitos non sería competencia da Audiencia Nacional?

- a) Un delito de fraude alimentaria cometido por unha organización criminal que afecte a varias provincias.
- b) Un delito de estafa con xeneralidade de prexudicados que afecta a máis dunha Comunidade Autónoma.
- c) **Un delito de tráfico de drogas en cantidade que exceda notablemente da considerada como de notoria importancia.**
- d) Un delito de lesións contra o/a consorte do titular da Coroa.

36 – Marina, acreedora de Cristóbal por unha débeda de 1.600 €, desexa acudir a conciliación para evitar un preito. Necesita Marina un profesional da avogacía para o expediente de conciliación?

- a) Non, pero si necesitará da intervención dun profesional de procura que a represente.

b) Non, nos expedientes de conciliación non será preceptiva a intervención de profesionais da avogacía nin de procura.

c) Si, nos expedientes de conciliación é preceptiva tanto a intervención de profesional da avogacía como de procura.

d) Non será necesario para a solicitude de conciliación, pero si que será preceptiva a intervención de profesional da avogacía na celebración do acto de conciliación.

37 – Marcos, avogado, recibiu un auto do Xulgado de Primeira Instancia polo que se acolle a concorrencia de prexudicialidade civil, xa que a xuíza considerou que para resolver sobre o obxecto do litixio cómpre primeiro decidir sobre outra cuestión que constitúe, á súa vez, o obxecto principal doutro proceso pendente ante outro Xulgado de Primeira Instancia, sen que sexa posible a acumulación de autos. Que consecuencia poderá ter o auto de prexudicialidade civil na tramitación do proceso pendente ante o xulgado que o ditou?

a) O Xulgado poderá coñecer directamente as actuacións pendentes ante o outro tribunal e resolvelas conxuntamente con efectos de cousa xulgada en ambos os procesos.

b) O Xulgado poderá decretar a suspensión do curso das actuacións no estado en que se encontren ata que finalice o proceso que teña por obxecto a cuestión prexudicial.

c) O Xulgado deberá continuar o curso das actuacións e só poderá suspender o proceso, unha vez que estea pendente do ditado da sentenza.

d) O Xulgado deberá sobreser o proceso por litispendencia.

38 – Martina, avogada, desexa formular unha cuestión incidental dentro dun procedemento ordinario civil. Ata que momento procesual pode facelo?

a) En calquera momento do procedemento, pero sempre antes do ditado da sentenza.

b) No procedemento ordinario civil non cabe expor cuestións incidentais.

c) Antes de que fose admitida a proba proposta.

d) Antes de que se iniciase o xuízo.

39 – Yolanda, parte actora nun procedemento ordinario civil promovido contra catro demandados, viu rexeitada a totalidade das súas pretensións. A xuíza condenouna en custas ao apreciar temeridade na súa demanda. Canto deberá pagar Yolanda?

a) A totalidade das custas ocasionadas a cada un dos demandados ao apreciarse temeridade.

b) Unha cantidade total, ao conxunto dos demandados, que non exceda da terceira parte da contía do proceso.

c) A cada demandado unha cuarta parte das custas ocasionadas.

d) Unha cantidade total que non exceda das dúas terceiras partes da contía do proceso.

40 – Durante un procedemento monitorio, a xuíza de Primeira Instancia considera que Vera, avogada da parte demandada, actuou conculcando as regras da boa fe procesual. Pode a xuíza multar a Vera por este motivo?

- a) Si, poderá impoñerlle unha multa que en ningún caso pode superar a terceira parte da contía do litixio.
- b) Non, pero poderá apercibila formalmente para que depoña a súa actitude.
- c) Non, só cabe interpoñer multa a algunha das partes, pero non aos profesionais que interveñen no proceso.
- d) Non, pero poderá dar traslado de tal circunstancia ao seu Colexio profesional por se puidese proceder a imposición dalgún tipo de sanción disciplinaria.

41 - Cal dos seguintes recursos non é competencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea?

- a) Recurso por incumprimento.
- b) Recurso por responsabilidade extracontractual.
- c) Recurso por omisión.
- d) Recurso por suplicación.

42 – Mario interpuxo unha demanda nun procedemento ordinario contra a mercantil MMMXXX S.A. Tras a contestación da demanda e un mes antes do xuízo, a empresa demandada achanta coas pretensións contidas na demanda de Mario. Neste caso, terá a mercantil MMMXXX S.A. que aboar as custas á parte actora?

- a) Non. Nos casos de achantamento non procederá a imposición de custas, salvo que o Tribunal aprecie mala fe no demandado.
- b) Si, salvo que o Tribunal aprecie, e así o razoe, que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito.
- c) Nos casos de achantamento, cada parte aboará as custas causadas
- d) Si, sempre, con independencia de que o caso sexa dubidoso, posto que o achantamento debería terse producido antes da contestación á demanda.

43 – Luis, vítima, e Carlos, investigado, están inmersos nun proceso penal por un delito de lesións do artigo 147.1 do Código penal. Luis reclama a Carlos 2.500 € en concepto de responsabilidade civil. É posible asinar un contrato de transacción por esa cantidade poñendo fin á causa penal?

- a) Si, pódese transixir sobre a acción civil proveniente dun delito e poñer fin ao proceso penal.
- b) Non, unha vez iniciado o proceso penal, non é posible transacción sobre a acción civil proveniente do delito.
- c) Non. En ningún caso pode transixirse sobre a acción civil proveniente dun delito.
- d) Si, pódese transixir sobre a acción civil proveniente dun delito, pero non por iso se extinguirá a acción pública para a imposición da pena legal.

44 – Xulia foi designada pola quenda de oficio como avogada de Alba para un procedemento de divorcio. Durante o curso do procedemento, Xulia desexa renunciar á asistencia desta cliente, xa que é moi problemática. Poderá facelo?

- a) Si, pero para iso deberá alegar un motivo persoal e xusto, que será apreciado polos decanos dos Colexios.
- b) Si, en calquera fase do procedemento, sempre que non se cause indefensión ao cliente, e está obrigada a despachar os trámites procesuais urxentes.
- c) Si, pero sempre que o órgano xudicial ante o que se está tramitando o procedemento acepte esta renuncia.
- d) Non, dado que só na orde penal poden os profesionais da avogacía designados pola quenda de oficio escusarse da defensa.

45 – Fuencisla, avogada, foi designada pola quenda de oficio para a defensa dos intereses de María Elena, quen ten recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta. María Elena pretende interpoñer unha querela contra unha maxistrada da súa cidade porque considera que cometeu un delito de prevaricación. Tras estudar o asunto, a Fuencisla parécenlle totalmente disparatadas as pretensións de María Elena. Que pode facer?

- a) Nada, ao estar obrigada a asumir a defensa de María Elena en todo caso.
- b) Presentar, en calquera momento, informe de insostibilidade en que expoña os motivos xurídicos nos que fundamenta a súa decisión.
- c) Renunciar á asistencia de María Elena, ao resultar claramente insostible a pretensión.
- d) Presentar un informe de insostibilidade dentro dos quince días seguintes á súa designación, comunicando á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta os motivos xurídicos nos que fundamenta a súa decisión.

46 – Mireia, avogada, exerce a defensa dunha cliente ante a Audiencia Provincial de Barcelona. Durante a tramitación do procedemento discutiuse o sentido dunha norma do Dereito da Unión Europea que a Audiencia Provincial debe aplicar para resolver adecuadamente este litixio. Pode formular a Audiencia Provincial unha cuestión prexudicial ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea?

- a) Si, debido a que calquera órgano xurisdiccional dun Estado membro está lexitimado para o facer.
- b) Non, posto que só aqueles órganos xurisdiccionais dun Estado membro cuxas decisións non sexan susceptibles de ulterior recurso xudicial de Dereito interno teñen lexitimación para formular cuestións prexudiciais.
- c) Non, posto que só o Tribunal Supremo está lexitimado para formular cuestións prexudiciais ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.
- d) Non, porque só están lexitimados os particulares, persoas físicas ou xurídicas, que, por teren sufrido un prexuízo, teñan interese lexitimo nesa interposición.

47 – Gonzalo exerce a defensa de Cristina nun proceso penal. O xuíz de instrución ditou un auto, sen motivar, de continuación polos trámites do procedemento abreviado, polo que Gonzalo estima que se vulnerou o dereito á tutela xudicial efectiva do seu cliente. Que podería facer Gonzalo ante esta situación?

- a) Interpoñer incidente de nulidade de actuacións ante o mesmo xuíz que ditou o auto.
- b) Interpoñer incidente de nulidade de actuacións ante a Audiencia Provincial.

c) Interpoñer recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

d) Interpoñer recurso de reforma ou apelación contra o auto.

48 – Lorena, avogada de Málaga, ten un cliente con domicilio na dita cidade que quere interpoñer unha demanda sobre marca comunitaria, ao abeiro do previsto no Regulamento n.º 40/94 do Consello da Unión Europea, do 20 de decembro de 1993, contra unha mercantil de Madrid. Ante que xulgados deberá interpoñer dita demanda?

a) Ante os Xulgados do Mercantil de Madrid.

b) Ante os Xulgados do Mercantil de Málaga.

c) Ante os Xulgados especializados do Mercantil de Alacante, denominados de Marca Comunitaria.

d) Ante os Xulgados especializados de Primeira Instancia de Alacante, denominados de Marca Comunitaria.

49 – Marina, avogada, vai interpoñer un recurso de suplicación contra unha resolución ditada por un Xulgado do Social de Cádiz. Ante que órgano debe interpoñer este recurso?

a) Ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía con sede en Sevilla.

b) Ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía con sede en Granada.

c) Ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía con sede en Málaga.

d) Ante a Sala do Social da Audiencia Provincial de Cádiz.

50 - Saturnino (promotor) e Yeray (construtor) teñen diferenzas á hora de interpretar unha cláusula incorporada a un contrato de execución de obra. Ambas as partes pactaron no dito contrato a submisión a arbitraje de calquera conflito, disputa ou interpretación das súas cláusulas. É obrigatoria a submisión a arbitraje para resolver esta disputa?

a) Si. Esta cláusula obriga as partes e impide aos Tribunais coñecer da controversia, sempre que a parte a quen interese o invoque mediante declinatoria.

b) Non. Cabe acudir con preferencia á autoridade xudicial á vontade de calquera das partes.

c) Non, só se as partes validan de mutuo acordo esta cláusula de sometemento a arbitraje unha vez que xorde o conflito ou disputa.

d) Poderá ser ou non obrigatoria, dependendo da natureza do conflito.

Preguntas de reserva

1 – De acordo con o artigo 4 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, en que ámbito territorial teñen xurisdición os Xulgados de Violencia sobre a Muller?

- a) No ámbito territorial da súa respectiva provincia.
- b) **No ámbito territorial do seu respectivo partido. Non obstante, poderán crearse Xulgados de Violencia sobre a Muller que atendan a máis dun partido xudicial.**
- c) No ámbito territorial do seu respectivo municipio.
- d) No ámbito territorial do seu respectivo partido, sen que poidan crearse Xulgados de Violencia sobre a Muller que atendan a máis dun partido xudicial.

2 – O avogado Jonay foi notificado dun auto do Xulgado de Primeira Instancia que denega a súa solicitude de dilixencias preliminares na que solicitaba que lle fose exhibido un documento ao seu cliente. Pode Jonay recorrer contra esta resolución?

- a) Non. Contra o auto que denega a solicitude de dilixencias preliminares non cabe recurso ningún.
- b) **Si. Contra o auto que denega a solicitude de dilixencias preliminares cabe recurso de apelación.**
- c) Non. Só cabe recurso de apelación contra o auto que acorda as dilixencias preliminares.
- d) Non. Contra o auto que denega as dilixencias non cabe recurso ningún, pero pódese formular oposición, en dez días, ante o propio Xulgado que as denegou.

3 – Carlos perdeu a confianza no seu avogado Raúl, que defendeu os seus intereses nun asunto cuxa contía procesual é de 900.000 €. Nun correo electrónico, Carlos pregúntalle a Raúl se está asegurado, en que compañía e se ten cuberta unha eventual indemnización de 900.000 €. Está obrigado Raúl a facilitarlle esta información?

- a) Non, non ten ningunha obrigaón de facelo.
- b) Só está obrigado a facilitar ao cliente o seu número de colexiación e a que Colexio pertence.
- c) **Debe poñer en coñecemento do cliente todas as condicións de aseguramento: tanto identificar a aseguradora como informar do límite de cobertura.**
- d) Abonda con que responda se está asegurado ou non e en que compañía.

4 – Durante un procedemento de mediación, Noelia e Sofía mantiveron negociacións para tentar alcanzar un acordo, pero finalmente non o conseguen, polo que se abandona a mediación. Formulada a contenda perante o xulgado de Primeira Instancia, Noelia pretende que o mediador achegue documentación utilizada durante o procedemento de mediación. É posible?

- a) **Non, agás que as partes de maneira expresa e por escrito o dispensen do deber de confidencialidade.**
- b) Non, dado que o deber de confidencialidade da mediación unicamente pode ser dispensado mediante resolución xudicial motivada, polos xuíces da orde xurisdiccional penal.
- c) Si, sempre que o xuíz de Primeira Instancia, mediante resolución xudicial motivada, dispense do deber de confidencialidade.
- d) Si, sempre que con iso non se prexudique a ningunha das partes.

5 – Jacobo e Sergi someteron unha disputa a arbitraje. Tras ditar o árbitro o correspondente laudo, co que Sergi non está conforme ao considerar que o árbitro resolveu sobre certas cuestións que non foron sometidas á súa decisión, que poderá facer Sergi?

- a) Nada. O laudo produce efectos de cousa xulgada, polo que non cabe recurso algún contra el.
- b) Unicamente será posible solicitar a súa revisión, conforme o establecido na Lei de axuizamento civil para as sentenzas firmes.
- c) Pode interpoñer recurso de apelación ante a autoridade xudicial.
- d) **Pode exercitar a acción de anulación e, de ser o caso, a revisión, consonte o establecido na Lei de axuizamento civil para as sentenzas firmes.**

6 – O Tribunal de Xustiza da Unión Europea resolveu unha cuestión prejudicial formulada polo Tribunal Supremo español aclarando o sentido dunha norma de Dereito europeo. Vincula dita decisión ao Tribunal Supremo?

- a) **Si, vincula ao órgano nacional, produce efectos de cousa xulgada e terá efectos de cousa interpretada vinculando nese sentido ao resto de xuíces e tribunais que estean chamados a aplicala.**
- b) Non, pero deberá servir como base interpretativa para que o Tribunal Supremo resolva o litixio.
- c) Si, pero unicamente vincula ao órgano que a formulou e para ese litixio concreto.
- d) Non, posto que o Tribunal Supremo é o órgano xurisdiccional superior en todas as ordes, salvo o disposto en materia de garantías constitucionais.

B. MATERIAS ESPECÍFICAS

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN CIVIL- MERCANTIL

1 – Juana exponlle á súa avogada, Carmen, a posible inscrición no Rexistro Civil de certos feitos relativos á súa vida. Cal dos seguintes feitos non poderá inscribirse?

- a) As declaracións de concurso das persoas físicas e a intervención ou suspensión das súas facultades.
- b) O sexo e o cambio de sexo.
- c) **A adquisición dunha vivenda para destinala a domicilio.**
- d) Os actos relativos á constitución e réxime do patrimonio protexido das persoas con discapacidade.

2 – Joan, xuíz do Xulgado nº 3 de Blanes, está a coñecer dun procedemento de reclamación de cantidade contra Miquel. Se Joan entende que Miquel non ten capacidade para ser parte no procedemento, ata que momento terá para poder apreciar a súa falta de capacidade?

- a) Poderá ser apreciada de oficio polo Tribunal ata o momento anterior á contestación á demanda.
- b) Poderá ser apreciada de oficio polo Tribunal ata o momento anterior á audiencia previa.
- c) Poderá ser apreciada de oficio polo Tribunal ata o momento anterior á celebración da vista.
- d) **Poderá ser apreciada de oficio polo Tribunal en calquera momento do proceso.**

3 – Sergio ten pensado declararse en concurso. Que prazo ten para solicitar a declaración de concurso?

- a) Deberá solicitar a declaración de concurso dentro dos tres meses seguintes á data en que coñecese ou debese coñecer o estado de insolvencia actual.
- b) **Deberá solicitar a declaración de concurso dentro dos dous meses seguintes á data en que coñecese ou debese coñecer o estado de insolvencia actual.**
- c) Deberá solicitar a declaración de concurso dentro dos catro meses seguintes á data en que coñecese ou debese coñecer o estado de insolvencia actual.
- d) Deberá solicitar a declaración de concurso dentro dos seis meses seguintes á data en que coñecese ou debese coñecer o estado de insolvencia actual.

4 – Antoni, demandante nun proceso ordinario civil, obtivo unha sentenza acolledora de todas as súas pretensións contra Àngels. Àngels interpuxo, en tempo e forma, recurso de apelación contra a sentenza. Cando poderá Antoni pedir a execución provisional da sentenza?

- a) Non poderá nunca pedir a execución provisional.
- b) A execución provisional só poderá pedirse desde que adquira firmeza a resolución que teña por preparado o recurso de apelación.
- c) **A execución provisional poderá pedirse en calquera momento desde a notificación da resolución en que se teña por interposto o recurso de apelación ou, se é o caso, desde o traslado á parte apelante do escrito do apelado polo que se adhira ao recurso, e sempre antes de que recaia sentenza neste.**
- d) A execución provisional poderá pedirse dentro do prazo dos dez días seguintes á notificación da resolución en que se teña por interposto o recurso de apelación.

5 – A Yolanda comunicáronlle a iniciación dun procedemento sancionador en materia de defensa da competencia. Cal é o prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento sancionador por condutas restritivas da competencia?

- a) Será de seis meses contados desde a data do acordo de incoación deste, e a súa distribución entre as fases de instrución e resolución fixarase regulamentariamente.
- b) Será de doce meses contados desde a data do acordo de incoación deste, e a súa distribución entre as fases de instrución e resolución fixarase regulamentariamente.
- c) **Será de dezaoito meses contados desde a data do acordo de incoación deste, e a súa distribución entre as fases de instrución e resolución fixarase regulamentariamente.**
- d) Será de vinte e catro meses contados desde a data do acordo de incoación deste, e a súa distribución entre as fases de instrución e resolución fixarase regulamentariamente.

6 – Xabier é o avogado da parte demandante nun procedemento ordinario civil. Na audiencia previa do xuízo quere propoñer proba. Como o ten que facer?

- a) A proba propoñerase sempre por escrito.
- b) A proba propoñerase de forma verbal ou escrita, segundo a vontade das partes procesuais.
- c) A proba propoñerase de forma verbal, sen que sexa necesario achegar no acto escrito detallado dela.
- d) A proba propoñerase de forma verbal, sen prexuízo da obrigaón das partes de achegar no acto escrito detallado dela, podendo completalo durante a audiencia.

7 – Alatz, Ander, Dunixi e Markel decidiron crear unha obra conxunta en colaboración entre todos eles. Que maioría necesitan para divulgar e modificar a obra común?

- a) Para divulgar e modificar a obra requírese o consentimento dunha terceira parte dos coautores. Á falta de acordo, o xuíz resolverá.
- b) Para divulgar e modificar a obra requírese o consentimento dunha cuarta parte dos coautores. Á falta de acordo, o xuíz resolverá.
- c) Para divulgar e modificar a obra requírese o consentimento da metade dos coautores. Á falta de acordo, o xuíz resolverá.
- d) Para divulgar e modificar a obra requírese o consentimento de todos os coautores. Á falta de acordo, o xuíz resolverá.

8 – Carmina, letrada da Administración de Xustiza no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Villafranca de los Barros, quere reflectir nos autos feitos ou actos con transcendencia procesual conforme á súa fe pública xudicial. Que resolución deberá ditar para reflectir nos autos eses actos ou feitos?

- a) Dilixencia de ordenación.
- b) Dilixencia de constancia.
- c) Decreto.
- d) Providencia.

9 – Kepa ten pensado actuar nun contrato en nome do seu pai, Koldo, pero sen que este o autorice ou lle outorgue legalmente a súa representación. Que consecuencias xurídicas tería?

- a) O contrato formalizado a nome do seu pai sen a súa autorización será sempre válido.
- b) O contrato formalizado a nome do seu pai sen a súa autorización será nulo, a non ser que o ratifique antes de ser revogado pola outra parte contratante.
- c) O contrato formalizado a nome do seu pai sen a súa autorización será nulo, podendo ser ratificado por este en calquera momento e sen prazo algún.
- d) O contrato formalizado a nome do seu pai sen a súa autorización será válido, sempre que interviñesen dúas testemuñas idóneas.

10 – Conforme a Lei 29/2015, do 30 de xullo, de cooperación xurídica internacional en materia civil, a cooperación xurídica internacional en materia civil e mercantil réxese por:

- a) **As normas da Unión Europea e os tratados internacionais nos que España sexa parte; as normas especiais do Dereito interno; subsidiariamente, pola Lei 29/2015.**
- b) A Lei 29/2015; na súa falta, polas normas da Unión Europea e os tratados internacionais nos que España sexa parte; e subsidiariamente, as normas especiais do Dereito interno.
- c) As normas especiais do Dereito interno; na súa falta, polas normas da Unión Europea e os tratados internacionais nos que España sexa parte; e subsidiariamente, pola Lei 29/2015.
- d) As normas especiais do Dereito interno; na súa falta, pola Lei 29/2015; e subsidiariamente, polas normas da Unión Europea e os tratados internacionais nos que España sexa parte.

11 – Anne, que reside en Barakaldo, quere interpoñer un procedemento cambiario contra Úrsula, que reside en Madrid, por unha letra de cambio que se asinou para comprar un coche en Badaxoz. Ante que órgano xudicial deberá interpoñer Anne o proceso cambiario?

- a) **O Xulgado de Primeira Instancia do domicilio da demandada, neste caso, Madrid.**
- b) O Xulgado de Primeira Instancia do domicilio da demandante, neste caso, Barakaldo.
- c) O Xulgado de Primeira Instancia do lugar onde se realizou o negocio xurídico do cal trae causa, neste caso, Badaxoz.
- d) O Xulgado de Primeira Instancia do lugar que teña relación directa ou indirecta co negocio, neste caso, Madrid, Barakaldo ou Badaxoz, indistintamente.

12 – No Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Puertollano, no proceso verbal no que Anselmo é demandante non se realizou actuación procesual durante máis de tres anos. Que figura xurídica é aplicable nos casos nos que non se produce actividade procesual ningunha no prazo de dous anos?

- a) Caso fortuíto.
- b) Prescrición.
- c) **Caducidade.**
- d) Declaración perentoria.

13 – Maikel foi demandado nun proceso ordinario civil e, logo de ser legalmente emprazado, non compareceu en tempo e forma, polo que foi declarado en rebeldía. Que recursos poderá interpoñer Maikel contra a sentenza cando se lle notifique persoalmente?

- a) Só poderá utilizar contra ela o recurso de apelación.
- b) Só poderá utilizar contra ela o recurso de infracción procesual ou o de casación.
- c) **Só poderá utilizar contra ela o recurso de apelación, e o extraordinario por infracción procesual ou o de casación, cando procedan, se os interpón dentro do prazo legal.**

d) Só poderá utilizar contra ela o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

14 – A figura xurídica que dá dereito a gozar os bens alleos coa obrigaón de conservar a súa forma e substancia, a non ser que o título da súa constitución ou a lei autoricen outra cousa, recibe o nome de:

- a) Servidume.
- b) **Usufruto.**
- c) Hipoteca.
- d) Propiedade.

15 – Andrés quere constituír unha sociedade de capital en París, con domicilio en España, e na que el actúe como legal representante da empresa desde Estados Unidos. Que nacionalidade tería esta empresa?

- a) Norteamericana, ao ser o lugar onde se atopa o legal representante da sociedade.
- b) **Española, ao ter o seu domicilio en territorio español, calquera que sexa o lugar en que se constituíu.**
- c) Francesa, ao ser o lugar de constitución da sociedade.
- d) Indistintamente, poderá ter nacionalidade norteamericana, francesa e española.

16 – Ginés, avogado de Ángela, interpuxo demanda de xuízo verbal de reclamación de cantidade. Quen admitirá a demanda na oficina xudicial, como regra xeral?

- a) O xuíz, mediante sentenza.
- b) O xuíz, mediante providencia.
- c) O letrado da Administración de Xustiza, mediante dilixencia de ordenación.
- d) **O letrado da Administración de Xustiza, mediante decreto.**

17 – Acher acode a vostede, profesional da Avogacía, en relación co posible exercicio dunha acción hipotecaria. Cal é o prazo de prescrición da acción hipotecaria?

- a) Cinco anos.
- b) Dez anos.
- c) **Vinte anos.**
- d) Corenta anos.

18 – Xoán, avogado de Agripina, interpuxo un procedemento ordinario contra Xesús. Xoán está considerando acumular varias accións contra Xesús nese procedemento ordinario. Ata que momento ten para realizar a acumulación de accións?

- a) Non se permitirá a acumulación de accións despois de interposta a demanda.
- b) **Non se permitirá a acumulación de accións despois de contestada a demanda.**
- c) Permitirase a acumulación de accións ata a sinalización da audiencia previa.
- d) Permitirase a acumulación de accións ata a celebración do xuízo.

19 – Helena acode ao Rexistro Civil para a inscrición do falecemento da súa nai. Quen deberá practicar a inscrición e demais asentos rexistrados no Rexistro Civil?

- a) O Ministerio Fiscal.
- b) **O encargado da Oficina do Rexistro Civil.**
- c) O/A xuíz/a de Primeira Instancia da capital da provincia e, na súa falta, o/a letrado/a da Administración de Xustiza.
- d) O/a funcionario/a de xestión procesual.

20 – Adela está considerando constituír unha sociedade de capital. Acode a vostede, profesional da avogacía, para que a asesore sobre como pode constituír a sociedade. Que lle contestaría?

- a) **As sociedades de capital constitúense por contrato entre dúas ou máis persoas ou, en caso de sociedades unipersoais, por acto unilateral.**
- b) As sociedades de capital constitúense por escritura pública notarial entre dúas ou máis persoas ou, en caso de sociedades unipersoais, por contrato, e na súa falta, por simple manifestación de vontade ante tres testemuñas idóneas.
- c) As sociedades de capital constitúense por inscrición no Rexistro Civil, na que interveñan dúas ou máis persoas ou, en caso de sociedades unipersoais, por acto unilateral ante o Rexistro da Propiedade.
- d) As sociedades de capital constitúense por manifestación de dúas ou máis persoas no Rexistro da Propiedade, que deberá ser validada no prazo dos tres meses seguintes á súa emisión.

21 – Conforme a Lei 29/2015, do 30 de xullo, de cooperación xurídica internacional en materia civil, a autoridade central española en materia de cooperación xurídica internacional en materia civil é:

- a) O Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) A Fiscalía Xeral do Estado.
- c) **O Ministerio de Xustiza.**
- d) O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

22 – En relación cos procesos xudiciais que versen sobre medidas xudiciais de apoio ás persoas con discapacidade, filiación, matrimonio e menores:

- a) **Agás que expresamente se dispoña outra cousa, estes procesos substanciaranse polos trámites do xuízo verbal.**
- b) Agás que expresamente se dispoña outra cousa, estes procesos substanciaranse polos trámites do xuízo ordinario.
- c) Agás que expresamente se dispoña outra cousa, estes procesos substanciaranse polos trámites dos interditos.
- d) Agás que expresamente se dispoña outra cousa, estes procesos substanciaranse polos trámites do xuízo monitorio.

23 – Mercedes demandou nun procedemento civil de reclamación de cantidade o Concello de Salou. O Concello considera que a xurisdición civil non é competente, xa que debería coñecer do procedemento a xurisdición contencioso-administrativa. Indique a resposta correcta:

- a) O Concello poderá denunciar mediante declinatoria a falta de xurisdición por pertencer o asunto á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- b) O Concello poderá denunciar mediante requisitoria a falta de xurisdición por pertencer o asunto á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- c) O Concello poderá denunciar mediante inhibitoria a falta de xurisdición por pertencer o asunto á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- d) O Concello poderá denunciar mediante consorcio pasivo necesario a falta de xurisdición por pertencer o asunto á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Preguntas sobre dereitos civís forais

24 – A veciñanza civil común adquirese:

- a) Por residencia continuada durante un ano, sempre que o interesado manifeste ser esa a súa vontade, e por residencia continuada de cinco anos, sen declaración en contrario durante este prazo.
- b) Por residencia continuada durante tres anos, sempre que o interesado manifeste ser esa a súa vontade, e por residencia continuada de tres anos, sen declaración en contrario durante este prazo.
- c) Por residencia continuada durante dous anos, sempre que o interesado manifeste ser esa a súa vontade, e por residencia continuada de dez anos, sen declaración en contrario durante este prazo.
- d) Por residencia continuada durante catro anos, sempre que o interesado manifeste ser esa a súa vontade, e por residencia continuada de dous anos, sen declaración en contrario durante este prazo.

25 - Escolla a pregunta en función do dereito foral elixido:

A - Dereito civil común:

25 - Iván, suxeito ao dereito civil común, que está moi enfermo, quere outorgar testamento en perigo inminente de morte

- a) Pode outorgar o testamento ante dúas testemuñas idóneas, sen necesidade de notario.
- b) Pode outorgar o testamento ante unha testemuña idónea, sen necesidade de notario.
- c) Pode outorgar o testamento ante cinco testemuñas idóneas, sen necesidade de notario.
- d) Pode outorgar o testamento ante tres testemuñas idóneas, sen necesidade de notario.

B - Dereito civil Aragón:

25 – Orosia, suxeita ao dereito civil de Aragón, quere outorgar testamento ante notario

- a) En todos os casos en que sexa necesaria a intervención de testemuñas, serán cinco, deberán entender o testador ou testadores e o notario ou persoa ante quen se outorgue o testamento e deberán saber asinar.
- b) En todos os casos en que sexa necesaria a intervención de testemuñas, serán tres, deberán entender o testador ou testadores e o notario ou persoa ante quen se outorgue o testamento e deberán saber asinar.
- c) En todos os casos en que sexa necesaria a intervención de testemuñas, serán dúas, deberán entender o testador ou testadores e o notario ou persoa ante quen se outorgue o testamento e deberán saber asinar.
- d) En todos os casos en que sexa necesaria a intervención de testemuñas, será unha, deberá entender o testador ou testadores e o notario ou persoa ante quen se outorgue o testamento e deberá saber asinar.

C - Dereito civil Baleares:

25 – Marc, suxeito ao dereito civil de Baleares, que non sabe asinar, quere outorgar testamento ante notario

- a) Serán necesarios cinco testemuñas, que non terán a obrigaición de coñecer o testador.
- b) Serán necesarios tres testemuñas, que non terán a obrigaición de coñecer o testador.
- c) Serán necesarios dúas testemuñas, que non terán a obrigaición de coñecer o testador.
- d) Será necesario unha testemuña, que non terá a obrigaición de coñecer o testador.

D - Dereito civil Cataluña:

25 – Pol, suxeito ao dereito civil de Cataluña, que non sabe asinar, quere outorgar testamento cerrado

- a) Se o testador declara que non sabe ou non pode asinar, deben asinar a acta e a cuberta cinco testemuñas.
- b) Se o testador declara que non sabe ou non pode asinar, deben asinar a acta e a cuberta tres testemuñas.
- c) Se o testador declara que non sabe ou non pode asinar, deben asinar a acta e a cuberta dúas testemuñas.
- d) Se o testador declara que non sabe ou non pode asinar, debe asinar a acta e a cuberta oito testemuñas.

E - Dereito civil Galicia:

25 – Martiño, suxeito ao dereito civil de Galicia, quere outorgar testamento

- a) Nos casos en que sexa necesaria a súa presenza, as testemuñas serán polo menos cinco, deberán ter plena capacidade de obrar, entender o testador e saber asinar.
- b) Nos casos en que sexa necesaria a súa presenza, as testemuñas serán polo menos tres, deberán ter plena capacidade de obrar, entender o testador e saber asinar.

- c) Nos casos en que sexa necesaria a súa presenza, as testemuñas serán polo menos dúas, deberán ter plena capacidade de obrar, entender o testador e saber asinar.
- d) Nos casos en que sexa necesaria a súa presenza, as testemuñas serán polo menos unha, deberá ter plena capacidade de obrar, entender o testador e saber asinar.

F - Dereito civil País Vasco (Biscaia):

25 – Uxue, suxeita ao dereito civil do País Vasco, que se atopa moi enferma, quere outorgar testamento en perigo inminente de morte ou “hilburuko”

- a) Poderá outorgar testamento ante unha testemuña idónea sen intervención de notario e sen necesidade de xustificar a ausencia de fedatario público.
- b) Poderá outorgar testamento ante dúas testemuñas idóneas sen intervención de notario e sen necesidade de xustificar a ausencia de fedatario público.
- c) Poderá outorgar testamento ante tres testemuñas idóneas sen intervención de notario e sen necesidade de xustificar a ausencia de fedatario público.
- d) Poderá outorgar testamento ante catro testemuñas idóneas sen intervención de notario e sen necesidade de xustificar a ausencia de fedatario público.

G - Dereito civil Navarra:

25 – Aroa, suxeita ao dereito civil de Navarra, que está moi enferma, quere outorgar testamento en perigo inminente de morte

- a) Nos testamentos abertos outorgados en caso de perigo de morte do testador, será necesario unha testemuña.
- b) Nos testamentos abertos outorgados en caso de perigo de morte do testador, serán necesarias dúas testemuñas.
- c) Nos testamentos abertos outorgados en caso de perigo de morte do testador, serán necesarias tres testemuñas.
- d) Nos testamentos abertos outorgados en caso de perigo de morte do testador, serán necesarias cinco testemuñas.

Preguntas de reserva

1 – Conforme o Código civil, non ten a consideración de inmovible:

- a) As concesións administrativas de obras públicas e as servidumes e demais dereitos reais sobre bens inmovibles.
- b) Todos os que se poden transportar dun punto a outro sen menoscabo da cousa inmovible a que estiveren unidos.
- c) Todo o que estea unido a un inmovible dunha maneira fixa, de xeito que non poida separarse del sen quebrantamento da materia ou deterioración do obxecto.
- d) As máquinas, vasos, instrumentos ou utensilios destinados polo propietario do predio á industria ou explotación que se realice nun edificio ou herdade, e que directamente concorran a satisfacer as necesidades da explotación mesma.

2 – Juan, casado con María desde hai seis anos, ten dúbidas sobre se é o pai da nena, Ainhoa, que acaba de ter xunto a María. Que prazo ten Juan para exercitar a acción de impugnación da filiación?

- a) Poderá exercitar a acción de impugnación da paternidade no prazo dun ano contado desde a inscrición da filiación no Rexistro Civil.
- b) Poderá exercitar a acción de impugnación da paternidade no prazo de dous anos contado desde a inscrición da filiación no Rexistro Civil.
- c) Poderá exercitar a acción de impugnación da paternidade no prazo de tres anos contado desde a inscrición da filiación no Rexistro Civil.
- d) Poderá exercitar a acción de impugnación da paternidade no prazo de cinco anos contado desde a inscrición da filiación no Rexistro Civil.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN DEREITO PENAL

1 - Gregorio foi condenado á pena de dous meses de multa pola comisión dun delito de furto de vehículo. Este delito tamén está castigado no Código penal coa pena de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a noventa días. Que tipo de infracción penal constitúe a conduta de Gregorio?

- a) Un delito leve.
- b) Un delito grave.
- c) Unha falta administrativa.
- d) Un delito menos grave.

2 - Roberto foi condenado á pena de cinco anos de prisión pola comisión dun delito de homicidio en grao de tentativa. Leva aparelhada a dita condena a imposición dunha medida de liberdade vixiada?

- a) Só nos casos en que, tras petición, se considere á súa vez procedente.
- b) Non, ao se cometer o delito en grao de tentativa.
- c) Si, en todo caso.
- d) Só se a vítima fose a súa parella ou exparella.

3 - Antonio, menor de quince anos, foi condenado pola comisión dun delito de lesións con instrumento perigoso e atentado perpetrado contra uns dos profesores do instituto público ao que asiste. Poderá imponse a Antonio unha medida definitiva de internamento en réxime pechado?

- a) Si, por un tempo de ata tres anos.
- b) Non, pois o delito de atentado non é dos que permiten a imposición de internamento en réxime pechado.
- c) Si, por un tempo de ata cinco anos.
- d) Non, pois ambos os delitos son menos graves.

4 - Están exentos de responsabilidade criminal:

- a) O que procedese a reparar o dano ocasionado á vítima en calquera momento do procedemento e con anterioridade á celebración do acto do xuízo oral.
- b) Os que obren por causas ou estímulos tan poderosos que producen arrebatado, obcecación ou outro estado pasional de entidade semellante.
- c) O que obre no exercicio lexítimo dun oficio.
- d) Os que actúen por causa da súa grave adicción ás bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou outras que produzan efectos análogos.

5 - Gorka, quen foi vítima dun delito de roubo con forza na súa vivenda cando ninguén se atopaba no seu interior, presentou ante a Policía denuncia por tales feitos sen poder precisar a identidade do presunto delincente. Pasadas setenta e dúas horas desde a presentación do atestado, a Policía non obtivo ningún resultado. Ten a Policía Xudicial obrigación de remitir o atestado á autoridade xudicial?

- a) Si, pois o delito descrito é público e por tanto perseguible de oficio.
- b) Non, en todo caso.
- c) Si, ao constituír un delito que tamén atenta contra a intimidade e a inviolabilidade do domicilio.
- d) Non, salvo que o Ministerio Fiscal ou a autoridade xudicial soliciten a súa remisión.

6 - A entidade mercantil ZZZ S.L. foi citada a un xuízo por delito leve de furto como prexudicada debido a unha serie de subtraccións levadas a cabo nun dos seus establecementos comerciais. Con todo, a pesar de estar debidamente citada, o representante legal da mencionada entidade non comparece o día da vista oral. A ausencia do prexudicado ao xuízo equivale a unha renuncia tácita da acción civil?

- a) Si, dado que para que a ausencia en xuízo non determine a renuncia á acción civil, o prexudicado ha de estar constituído como acusador particular.
- b) Non, dado que, en todo caso, a renuncia do ofendido á acción civil debe ser expresa.
- c) Si, dado que, en todo caso, a incomparecencia do prexudicado impide que o órgano xudicial dispoña de material probatorio para determinar a existencia de responsabilidade civil.
- d) Non, dado que o delito leve de furto é un delito de carácter público e por tanto perseguible de oficio.

7 - Que órgano xudicial é o competente para o coñecemento e resolución dun delito de detención ilegal castigado de catro a seis anos de prisión cando o Ministerio Fiscal solicita no seu escrito de acusación cinco anos de prisión?

- a) A Audiencia Provincial da circunscrición onde o delito se cometeu.
- b) O Xulgado do Penal da circunscrición na que se atope o lugar do domicilio da vítima do delito.
- c) A Audiencia Provincial da circunscrición na que se atope o lugar do domicilio da vítima do delito.
- d) O Xuíz do Penal da circunscrición onde o delito foi cometido.

8 - Adrián, vítima dun delito menos grave de lesións, declinou o seu dereito para exercitar a acción penal cando se lle fixo o correspondente ofrecemento de accións. Con todo, unha vez transcrito o trámite de cualificación, Adrián comparece o día do inicio das sesións de xuízo oral asistido de avogado coa vontade de constituírse nese momento como acusación particular. Pode Adrián constituírse como acusación particular nese momento procesual?

- a) Si, podendo formular a súa acusación nos termos que considere máis oportunos sempre que respecte o contido do auto de procedemento abreviado.
- b) Non, dado que xa transcorreu o trámite de cualificación do delito, sen que sexa posible retrotraer as actuacións.
- c) Si, debéndose adherir ao escrito de acusación formulado polo Ministerio Fiscal ou do resto das acusacións constituídas.
- d) Non, unicamente poderá comparecer como actor civil.

9 - Pode o xuíz ou tribunal encomendar á Oficina de Recuperación e Xestión de Activos (ORGA) a localización, a conservación e a administración dos efectos, bens, instrumentos e ganancias procedentes de actividades delituosas cometidas no marco dunha organización criminal?

- a) Si, de oficio ou a instancia do Ministerio Fiscal ou da propia Oficina de Recuperación e Xestión de Activos, pero soamente a súa localización, pois a conservación e administración dos efectos xudiciais corresponde aos letrados da Administración de Xustiza.
- b) Si, de oficio ou a instancia do Ministerio Fiscal ou da propia Oficina de Recuperación e Xestión de Activos.
- c) Si, de oficio ou a instancia do Ministerio Fiscal, pero nunca a iniciativa da propia Oficina de Recuperación e Xestión de Activos ao ser esta un órgano de natureza administrativa alleo á Administración de Xustiza.
- d) Non, ao non estar prevista ningunha regulación deste tipo na Lei de axuizamento criminal.

10 - Durante a instrución dun delito contra a saúde pública no que foron incautados un total de cinco quilos de haxix, a autoridade administrativa baixo cuxa custodia se atopa a dita substancia, unha vez realizados os informes analíticos pertinentes e asegurada a conservación das mostras mínimas e imprescindibles, comunicou ao xuíz de Instrución a súa intención de proceder á destrución da substancia incautada. Pode a autoridade administrativa proceder á súa destrución?

- a) Si, soamente se transcrito o prazo dun mes desde que llo comunicou á autoridade xudicial, esta non ordenase mediante resolución motivada a conservación íntegra das devanditas substancias.
- b) Non, pois a cantidade incautada é de notoria importancia e non require da súa conservación íntegra ata a celebración do xuízo.
- c) Si, pois a cantidade incautada é de notoria importancia e require a súa conservación íntegra ata a terminación da instrución.
- d) Non, excepto que a defensa mostre a súa conformidade coa destrución.

11 - De conformidade co disposto no artigo 282 bis da Lei de axuizamento criminal, considerarase como delincuencia organizada a asociación de tres ou máis persoas para realizaren, de forma permanente ou reiterada, condutas que teñan como fin cometer algún ou algúns dos delitos seguintes:

- a) Delitos relativos ao mercado e aos consumidores previstos nos artigos 278 a 286 do Código penal.
- b) **Delitos relativos á propiedade intelectual e industrial previstos nos artigos 270 a 277 do Código penal.**
- c) Delitos de corrupción nos negocios previstos nos artigos 286 bis a 286 quater do Código penal.
- d) Delito de detención ilegal previsto no artigo 163 do Código penal.

12 - Estando próximo o vencemento do prazo máximo de instrución previsto na Lei de axuizamento criminal, pode o xuíz de Instrución acordar de oficio esa prórroga?

- a) Non, pois para acordar a prórroga é preceptiva a solicitude do Ministerio Fiscal, tras audiencia das partes.
- b) Si, pero sempre que se trate de proba documental.
- c) **Si, oídas as partes.**
- d) Si, salvo que a causa sexa declarada complexa, nese caso requirirá de preceptiva solicitude polo Ministerio Fiscal.

13 - Segundo a Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do Tribunal do Xurado, de que delitos é competente o Tribunal do Xurado para o seu coñecemento e resolución?

- a) Dos delitos de incendios forestais previstos nos artigos 352 a 354 do Código penal.
- b) Do delito de violación de morada previsto no artigo 203 do Código penal.
- c) **Dos delitos de fraudes e exaccións ilegais previstos nos artigos 436 a 438 do Código penal.**
- d) Do delito de ameazas non condicionais previsto no artigo 169.2º do Código penal.

14 – Manel e Jordi son acusados conxuntamente pola perpetración dun delito de tráfico de drogas, e solicítase unha pena de cinco anos de prisión por tal delito para cada un deles. Tras as conversacións entre a acusación e as defensas, o Ministerio Fiscal ofrece rebaixar a pena a tres anos de prisión se hai conformidade dos acusados. Jordi acepta a oferta do Fiscal. Porén, Manel, refusa esta opción, negándose a conformarse co delito imputado e a pena proposta. Pode Jordi conformarse coa pena solicitada polo Ministerio Fiscal e celebrarse o xuízo exclusivamente contra Manel?

- a) Non, pois os delitos cuxo axuizamento corresponde á Audiencia Provincial non son, en todo caso, susceptibles de conformidade.
- b) **Non, pois a conformidade ten que ser de todos os acusados, debéndose celebrar o xuízo en caso contrario.**
- c) Si, dado que as peticións de penas formuladas a cada un dos acusados non exceden dos seis anos de prisión.
- d) Si, sempre que Manel non se opoña á conformidade prestada por Jordi ao considerar que iso non lle produce indefensión.

15 - Jéssica exerce a defensa de Irune, acusada por un delito de roubo con forza. O día do xuízo oral, Irune proporciónalle a Jéssica información adicional sobre o seu caso. En particular, indícalle que a súa amiga Marta estivo con ela o día dos feitos e que podería testemuñar no seu favor. Con todo, Marta non está presente nas dependencias xudiciais para prestar declaración na vista oral. Jéssica vai propoñer a testemuñal de Marta como nova proba. Está prevista expresamente esta actuación na Lei de axuizamento criminal?

- a) Si. A Lei de axuizamento criminal permite propoñer nova proba como cuestión previa e solicitar a suspensión do xuízo oral para que o Xulgado localice a nova testemuña.
- b) Non. A Lei de axuizamento criminal só permite propoñer como cuestión previa aquela nova proba que poida practicarse no acto, sen que poida suspenderse a vista por este motivo.**
- c) Si, pero para que sexa posible a admisión da nova proba, a Lei de axuizamento criminal esixe acreditar suficientemente que non puido solicitarse esta con anterioridade ao día da vista, por non ter coñecemento dela, e pódese neste caso solicitar a suspensión do xuízo.
- d) Non, posto que segundo a Lei de axuizamento criminal o trámite para a proposición de probas preclúe no momento de realizar o escrito de defensa.

16 - Ismael foi citado a un xuízo como testemuña por ter presenciado como o seu irmán Miguel golpeou a nai de ambos no domicilio no que todos conviven. O día do xuízo oral Ismael non desexa prestar declaración en contra do seu irmán. Pode Ismael acollerse á dispensa da obriga de declarar prevista no artigo 416 da Lei de axuizamento criminal?

- a) Si, sempre que concorran certos requisitos, como, por exemplo, non ter declarado durante o procedemento.**
- b) Non, en ningún caso. A dispensa non cabe en delitos de violencia doméstica.
- c) Si, en todo caso. Os irmáns poden acollerse á dispensa en calquera momento do procedemento sen ningún tipo de limitación.
- d) Non, posto que a dispensa só cabe entre ascendentes, descendentes, cónxuxes ou persoas unidas por relación análoga á conxugal.

17 - Jon comparece ante o Xulgado de Garda como investigado nunhas dilixencias urxentes por un delito contra a seguridade viaria. Durante a comparecencia prevista no artigo 798 da Lei de axuizamento criminal, a súa avogada Ana solicita á xuíza a práctica de novas dilixencias de investigación ao considerar insuficientes as realizadas durante o servizo de garda. Con todo, a xuíza dita auto en forma oral ordenando continuar o procedemento polos trámites do xuízo rápido. Que recurso pode interpoñer Ana contra esa resolución?

- a) Recurso de apelación ante a Audiencia Provincial.
- b) Recurso de reforma ante a xuíza de Instrución.
- c) Recurso de apelación perante o Xulgado do Penal.
- d) Ningún. Non cabe recurso contra a devandita resolución.**

18 - Guillermo foi condenado a seis meses de prisión; non obstante, o xuíz vai ditar un auto para acordar a suspensión da execución da devandita pena privativa de liberdade durante dous anos, pero impondo como condición que Guillermo realice traballos en beneficio da comunidade. De acordo con o previsto no artigo 84 do Código penal, cantas xornadas de traballos como máximo pode impoñerlle o xuíz a Guillermo?

- a) A duración da prestación de traballos non poderá exceder de seis meses.
- b) A duración da prestación de traballos non poderá exceder de catro meses.**
- c) A duración da prestación de traballos non poderá exceder de tres meses.
- d) A duración da prestación de traballos non poderá exceder de dous anos.

19 - Mireia foi condenada á pena de seis anos de prisión pola Audiencia Provincial de Madrid. No momento no que a sentenza deveu firme, Mireia está residindo no Brasil, polo que lle pregunta ao seu avogado Enric cando prescribe a dita pena privativa de liberdade. Que deberá contestarlle Enric?

- a) Que prescribirá aos seis anos desde a firmeza da sentenza.
- b) Que prescribirá aos cinco anos desde a firmeza da sentenza.
- c) Que prescribirá aos dez anos desde a firmeza da sentenza.
- d) Que prescribirá aos quince anos desde a firmeza da sentenza.**

20 - PROMOCIÓN XXXYYY S.A., mercantil dedicada á construción de vivendas de veraneo, foi imputada pola súa presunta participación na comisión dun delito de estafa. Cando o órgano de instrución acorde a práctica da declaración da persoa xurídica investigada:

- a) Tomarase declaración a calquera dos membros do órgano de administración da mercantil, sen necesidade de que se efectúe ningunha designación pola persoa xurídica.
- b) Tomarase declaración a quen desempeñe as funcións de conselleiro delegado da mercantil, sen necesidade de que se efectúe ningunha designación pola persoa xurídica.
- c) Cando se procede á imputación dunha persoa xurídica non se toma declaración a ningún representante desta.
- d) Tomarase declaración ao representante especialmente designado por ela, asistido por un profesional da avogacía.**

21 - Xulia foi golpeada por Xoel, a súa exparella, polo que acode á comisaría para interpoñer a correspondente denuncia. Ante a policía, Xulia solicita unha orde de protección. Remitido o atestado policial ao Xulgado de Garda coa petición de orde de protección, que prazo ten a xuíza para convocar a audiencia prevista no artigo 544 ter da Lei de axuízamento criminal?

- a) Un prazo máximo de 24 horas.
- b) Un prazo máximo de 48 horas.
- c) Un prazo máximo de 72 horas.**
- d) A Lei de axuízamento criminal non fixa un prazo máximo.

22 - Gemma, avogada, interpuxo recurso de apelación contra un auto do xuíz de Instrución que está a coñecer dunhas dilixencias previas nas que está investigado o seu cliente. O recurso de Gemma foi inadmitido por ter sido interposto fóra de prazo. Que podería facer Gemma contra esta decisión?

- a) **Interpoñer recurso de queixa ante a Audiencia Provincial.**
- b) Interpoñer recurso de queixa perante o Xulgado do Penal.
- c) Interpoñer recurso de revisión perante o Xulgado de Instrución.
- d) Interpoñer recurso de súplica ante a Audiencia Provincial.

23 - Iván, asistido da súa avogada Victoria, declara en sede xudicial como investigado nunhas dilixencias previas por un delito contra a seguridade viaria na súa modalidade de condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas, recoñecendo o feitos obxecto de investigación ante a xuíza de Instrución. Tras iso, maniféstalle á súa avogada a súa vontade de chegar a unha conformidade, e pregúntalle se aínda lle sería posible obter unha rebaixa do terzo da pena que lle vaia solicitar o Ministerio Fiscal. Que debería responderlle Victoria?

- a) Que xa non é posible obter a dita rebaixa ao non se tramitaren as dilixencias como urxentes e estar fóra do servizo de garda.
- b) Que non é posible obter a dita rebaixa, dado que unha vez que se declarou ante o Xulgado de Instrución só é posible prestar conformidade perante o Xulgado do Penal.
- c) **Que aínda é posible a obtención da devandita rebaixa, polo que solicitará a transformación do procedemento para continuar polos trámites de dilixencias urxentes e chegar a un acordo co Ministerio Fiscal.**
- d) Que si é posible a obtención desta rebaixa, pero que deberá solicitarse ante o Xulgado do Penal despois de que o xuíz de Instrución dite o auto de apertura de xuízo oral.

24 - Pedro golpeou a súa muller, Marta, polo que está a ser investigado por un delito de malos tratos no ámbito da violencia de xénero do artigo 153.1 do Código penal, delito que leva aparelladas penas de prisión de seis meses a un ano ou de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a oitenta días. Pode a xuíza de Instrución acordar a prisión provisional de Pedro por este delito?

- a) Non, en ningún caso, dado que este delito non leva aparelladas penas de prisión iguais ou superiores a dous anos.
- b) **Si, para evitar que Pedro poida actuar contra bens xurídicos de Marta.**
- c) Si, pero só para evitar a ocultación, alteración ou destrución das fontes de proba relevantes.
- d) Non, en ningún caso, ao tratarse dun delito polo que pode impoñerse unha pena de traballos en beneficio da comunidade.

25 - O titular do Xulgado de Primeira Instancia nº 7 de Torrejón de Ardoz está a coñecer dunha demanda de divorcio. Na contestación á demanda, a avogada Raquel expón feitos sufridos pola súa clienta durante o matrimonio constitutivos dun delito de maltrato do artigo 153.1 do Código penal, pero que nunca foron denunciados. Que debe facer o xuíz de Primeira Instancia?

a) Deberá inhibirse inmediatamente, remitindo os autos no estado en que se achen ao Xulgado de Violencia sobre a Muller que resulte competente, tras verificar a concorrencia dos requisitos previstos no parágrafo terceiro do artigo 87 ter da Lei orgánica do poder xudicial.

b) **Tras verificar a concorrencia dos requisitos previstos no parágrafo terceiro do artigo 87 ter da Lei orgánica do poder xudicial, deberá inmediatamente citar as partes a unha comparecencia co Ministerio Fiscal que se celebrará nas seguintes 24 horas a fin de que este tome coñecemento de todos cantos datos sexan relevantes sobre os feitos acaecidos.**

c) Deberá continuar coñecendo do asunto ata que se formule denuncia ante o Xulgado de Violencia sobre a Muller.

d) Tras verificar a concorrencia dos requisitos previstos no parágrafo terceiro do artigo 87 ter da Lei orgánica do poder xudicial, convocará as partes á comparecencia prevista no artigo 544 ter da Lei de axuizamento criminal.

Preguntas de reserva

1 - Alan está acusado ante o Xulgado do Penal nº 2 de Getafe por un delito de lesións e quere prestar a súa conformidade á pena de seis meses de multa que solicitan tanto o Ministerio Fiscal como a acusación particular. Porén, Alan non está de acordo con a responsabilidade civil que solicita a acusación particular, 150 € superior á que pide a acusación pública, polo que lle pregunta á súa avogada Anna que facer. Que debe indicarlle Anna?

a) Que ten que prestar conformidade tanto coa pena como coa responsabilidade civil, posto que, aínda que Alan disinta da cantidade que se lle esixe polo ese concepto, non cabe a celebración do xuízo para discutir unicamente a responsabilidade civil.

b) **Que cabe prestar conformidade coa pena solicitada polas acusacións e limitar a celebración do xuízo á proba e discusión dos puntos relativos á responsabilidade civil.**

c) Que en ningún caso a conformidade penal engloba a responsabilidade civil derivada do delito.

d) Que cabe conformarse coa pena, derivándose automaticamente á xurisdición civil o debate sobre a responsabilidade civil.

2 - César foi condenado por sentenza firme á pena dun ano e tres meses de prisión e á medida de seguridade de internamento en establecemento adecuado para o tratamento médico da anomalía psíquica que padece. Como deben cumprirse estas condenas?

a) Cando concorren penas e medidas de seguridade privativas de liberdade, o xuíz ou tribunal ordenará o cumprimento da pena, que se aboará para o da medida.

b) **Cando concorren penas e medidas de seguridade privativas de liberdade, o xuíz ou tribunal ordenará o cumprimento da medida, que se aboará para o da pena.**

c) Cando concorren penas e medidas de seguridade privativas de liberdade, o xuíz ou tribunal ordenará o cumprimento simultáneo de ambas.

d) Cando concorren penas e medidas de seguridade privativas de liberdade, o xuíz ou tribunal decidirá cal debe cumprirse en primeiro lugar, unha vez escoitado o penado e o Ministerio Fiscal.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN ADMINISTRATIVO E CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO

1 - Cando se inicia un procedemento administrativo, ¿hai algún trámite de información ou actuacións previas co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento?

- a) Antes de iniciar o procedemento, o órgano competente deberá abrir un período de información ou actuacións previas co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto.
- b) Iniciado xa o procedemento, o órgano competente poderá abrir un período de información ou actuacións previas co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto.
- c) Iniciado xa o procedemento, o órgano competente deberá abrir un período de información ou actuacións previas co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto.
- d) **Antes de iniciar o procedemento, o órgano competente poderá abrir un período de información ou actuacións previas co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto.**

2 - En que momento se poden efectuar alegacións nun procedemento administrativo?

- a) Os interesados poderán soamente aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo no trámite de audiencia.
- b) **Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo.**
- c) Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento posterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo.
- d) Os interesados non poden aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en ningún momento do procedemento.

3 - Nun procedemento administrativo, que recursos caben contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos?

- a) Os interesados poderán interpoñer os recursos de alzada e potestativo de revisión.
- b) **Os interesados poderán interpoñer os recursos de alzada e potestativo de reposición.**
- c) Soamente pode interpoñerse recurso de alzada.
- d) Os interesados poderán interpoñer os recursos de alzada e preceptivo de reposición.

4 - Nos procedementos en materia de responsabilidade patrimonial da Administración, cando pode entenderse que a resolución é contraria á indemnización do particular?

- a) Transcorridos tres meses desde que se iniciou o procedemento sen que recaese e se notificase resolución expresa ou, se for o caso, se formalizase o acordo.

b) Transcorrido un mes desde que se iniciou o procedemento sen que recaese e se notificase resolución expresa ou, se for o caso, se formalizase o acordo.

c) Transcorridos seis meses desde que se iniciou o procedemento sen que recaese e se notificase resolución expresa ou, se for o caso, se formalizase o acordo.

d) Transcorridos dous meses desde que se iniciou o procedemento sen que recaese e se notificase resolución expresa ou, se for o caso, se formalizase o acordo.

5 - No caso de procedementos administrativos de carácter sancionador, unha vez concluída a instrución do procedemento:

a) O órgano instrutor formulará unha proposta de resolución que poderá ser notificada aos interesados.

b) Non é necesario formular unha proposta de resolución.

c) O órgano instrutor formulará unha proposta de resolución que deberá ser notificada aos interesados.

d) O órgano instrutor formulará unha proposta de resolución que non hai que notificar aos interesados

6 - Que órgano da xurisdición contencioso-administrativa é competente para coñecer dunha demanda de responsabilidade patrimonial contra unha resolución do Secretario de Estado de Xustiza por importe de 20.050 €?

a) Os Xulgados Centrais do Contencioso-administrativo.

b) As Salas do Contencioso-administrativo dos Tribunais Superiores de Xustiza.

c) A Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.

d) Os Xulgados do Contencioso-administrativo.

7 - Que prazo hai para interpoñer un recurso para a protección dos dereitos fundamentais da persoa na orde contencioso-administrativa?

a) O prazo para interpoñer este recurso será de quince días, que se computarán, segundo os casos, desde o día seguinte ao de notificación do acto.

b) O prazo para interpoñer este recurso será de dez días, que se computarán, segundo os casos, desde o día seguinte ao de notificación do acto.

c) O prazo para interpoñer este recurso será de dez días, que se computarán, segundo os casos, desde o mesmo día da notificación do acto.

d) O prazo para interpoñer este recurso será de quince días, que se computarán, segundo os casos, desde o mesmo día da notificación do acto.

8 - En que prazo pódese interpoñer o recurso contencioso-administrativo?

a) Seis meses desde o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada, se fose expreso.

b) Dous meses desde o día seguinte ao da publicación da disposición impugnada, ou da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso.

c) Dous meses, no suposto de acto presunto.

d) Tres meses, no suposto de acto presunto.

9 - No procedemento contencioso-administrativo, cando non se pode emprazar algún interesado no expediente no domicilio que conste, como se debe actuar?

- a) Débese inserir o correspondente edicto no periódico oficial que proceda, atendendo ao ámbito territorial de competencia do órgano autor da actividade administrativa recorrida.
- b) Débese inserir o correspondente edicto no *Boletín Oficial do Estado*.
- c) Débese inserir o correspondente edicto unicamente nun periódico de maior difusión do ámbito territorial de competencia do órgano autor da actividade administrativa recorrida.
- d) Débese inserir o correspondente edicto preceptivamente no *Boletín Oficial do Estado* e potestativamente no periódico oficial que proceda atendendo ao ámbito territorial de competencia do órgano autor da actividade administrativa recorrida.

10 - Como deben comparecer as partes ante os órganos colexiados da xurisdición contencioso-administrativa?

- a) As partes poderán comparecer por si mesmas en todos os supostos.
- b) As partes poderán conferir a súa representación a un profesional da procura e poderán ser asistidas por un profesional da avogacía.
- c) As partes poderán conferir a súa representación a un profesional da procura e serán asistidas, en todo caso, por un profesional da avogacía.
- d) As partes deberán conferir a súa representación a un profesional da procura e serán asistidas por un profesional da avogacía.

11 - Nun procedemento contencioso-administrativo, a quen se deben notificar as actuacións cando as partes confiran a súa representación a un profesional da avogacía?

- a) Se non se designou un profesional da procura, sempre se deben notificar á parte persoalmente.
- b) Pódense notificar ao interesado, pero sempre por Lexnet.
- c) Notifícaranse ao profesional da avogacía.
- d) Non se poden notificar ao profesional da avogacía.

12 - Cando se pode pedir a apertura do período de probas nun procedemento contencioso-administrativo?

- a) Soamente se pode pedir na demanda.
- b) Soamente se pode pedir na contestación.
- c) Soamente se pode pedir na demanda e na contestación.
- d) Soamente se pode pedir na demanda, na contestación e nos escritos de alegacións complementarias.

13 - Cando da adopción dunha medida cautelar nun procedemento contencioso-administrativo puidesen derivar prexuízos de calquera natureza para a parte que debe soportar esa medida, que se pode facer para evitar ou paliar eses prexuízos?

- a) Unicamente poden acordarse medidas que sexan adecuadas para evitar ou paliar devanditos prexuízos.
- b) Unicamente pode esixirse a presentación de caución ou garantía suficiente para responder daqueles.
- c) Poderán acordarse as medidas que sexan adecuadas para evitar ou paliar os devanditos prexuízos e igualmente poderá esixirse a presentación de caución ou garantía suficiente para responder daqueles.
- d) A prestación de caución é preceptiva ao adoptarse unha medida cautelar.

14 - Se se desiste dun recurso de apelación ou casación nun procedemento contencioso-administrativo, que resolución debe adoptarse?

- a) Sentenza.
- b) Auto.
- c) Decreto.
- d) Providencia.

15 - Cando se interpón un recurso de apelación nun procedemento contencioso-administrativo, como se practica a proba se a Sala a considera procedente?

- a) A súa práctica terá lugar a porta pechada.
- b) En segunda instancia non se practica ningunha proba.
- c) A súa práctica terá lugar con citación soamente da parte que a propuxo.
- d) A súa práctica terá lugar con citación das partes.

16 - En que prazo se debe preparar o recurso de casación ante a Sala de Instancia nos procedementos contencioso-administrativos?

- a) Vinte días, contados desde o mesmo día da notificación da resolución que se recorre.
- b) Trinta días, contados desde o mesmo día da notificación da resolución que se recorre.
- c) Vinte días, contados desde o seguinte ao da notificación da resolución que se recorre.
- d) Trinta días, contados desde o seguinte ao da notificación da resolución que se recorre.

17 - En materia tributaria, de persoal ao servizo da Administración pública e de unidade de mercado, poderán estenderse os efectos dunha sentenza firme que recoñecese unha situación xurídica individualizada a favor dunha ou varias persoas, en execución da sentenza, cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que os interesados estean en idéntica situación xurídica que os favorecidos pola resolución, que o xuíz sentenciador fose tamén competente por razón do territorio e que soliciten a extensión dos efectos da sentenza no prazo de dous anos desde a última notificación desta aos que foron parte no proceso.

b) Que os interesados estean en idéntica situación xurídica que os favorecidos pola resolución, que o xuíz sentenciador fose tamén competente por razón do territorio e que soliciten a extensión dos efectos da sentenza no prazo dun ano desde a última notificación desta aos que foron parte no proceso.

c) Que os interesados estean en parecida situación xurídica que os favorecidos pola resolución, que o xuíz sentenciador fose tamén competente por razón do territorio e que soliciten a extensión dos efectos da sentenza no prazo dun ano desde a última notificación desta aos que foron parte no proceso.

d) Que os interesados estean en parecida situación xurídica que os favorecidos pola resolución, que o xuíz sentenciador fose tamén competente por razón do territorio e que soliciten a extensión dos efectos da sentenza no prazo de dous anos desde a última notificación desta aos que foron parte no proceso.

18 - Cando a Administración nun procedemento contencioso-administrativo sexa condenada ao pagamento dunha cantidade líquida, e para o devandito pagamento fose necesaria unha modificación orzamentaria:

a) Deberá concluírse o procedemento da modificación orzamentaria correspondente dentro dos dous meses seguintes ao día seguinte do da notificación da resolución xudicial.

b) Non poderá executarse esa sentenza por falta de orzamento nese exercicio orzamentario.

c) Deberá concluírse o procedemento da modificación orzamentaria correspondente dentro dos tres meses seguintes ao día da notificación da resolución xudicial.

d) Deberá concluírse o procedemento da modificación orzamentaria correspondente dentro dos catro meses seguintes ao día seguinte da notificación da resolución xudicial.

19 - En que consiste un contrato de concesión de obras e que contraprestación pode levar consigo?

a) A concesión de obras é un contrato que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións a que se refire o contrato de obras e no que a contraprestación a favor daquel consiste unicamente en percibir un prezo.

b) A concesión de obras é un contrato que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións a que se refire o contrato de obras e no que a contraprestación a favor daquel consiste, ou ben unicamente no dereito para explotar a obra, ou ben no devandito dereito acompañado do de percibir un prezo.

c) A concesión de obras é un contrato que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións a que se refire o contrato de obras e no que a contraprestación a favor daquel consiste unicamente no dereito a explotar a obra.

d) A concesión de obras é un contrato que ten por obxecto a xestión dun servizo e no que a contraprestación consiste no dereito para percibir un prezo.

20 - Alfonso interpuxo recurso contencioso-administrativo contra unha resolución da Deputación Provincial que denega unha subvención a unha asociación cultural por non reunir os requisitos da convocatoria. Unha vez recibido o expediente administrativo para formalizar a demanda comproba que faltan importantes documentos presentados de maneira telemática pola Asociación durante a fase do procedemento administrativo. Que pode facer?

- a) Pode solicitar, dentro do prazo para formular a demanda, que se reclamen os antecedentes do expediente que faltan para completalo, o cal suspenderá o curso do prazo.
- b) Pode pedir que se complete o expediente administrativo, pero ao non suspenderse o prazo está obrigado a presentar a demanda.
- c) Soamente pode indicar os documentos que faltan nun outrosí da demanda.
- d) Obrigatoriaamente debe recorrer a dilixencia de ordenación pola cal o emprazan para formalizar a demanda e despois pedir os documentos que faltan na fase probatoria.

21 - A empresa XXX foi excluída dun procedemento para a contratación de material sanitario, por considerar non xustificada a súa oferta económica de 900.000 € máis IVE. Ante a resolución da Subsecretaría do Ministerio de Sanidade, que adxudica o contrato a outra empresa, que recurso pode interpoñer?

- a) Recurso especial en materia de contratación.
- b) Recurso de reposición.
- c) Non pode formular recurso, pois non ten a condición de interesada.
- d) Recurso de queixa.

22 - Fátima e os seus dous fillos menores son titulares dunha autorización de residencia por reagrupamento familiar co cónxuxe daquela. Cando alcancen a maioría de idade poderán obter unha autorización de residencia independente?

- a) Non, porque xa tiveron unha autorización de residencia por reagrupamento familiar.
- b) Si, aínda que non dispoñan de medios económicos suficientes para cubrir as súas propias necesidades.
- c) Si, sempre que dispoñan de medios económicos suficientes para cubrir as súas propias necesidades.
- d) Soamente cando faleza o seu pai, titular do dereito de reagrupamento familiar.

23 - Os actos e actuacións de aplicación dos tributos e os actos de imposición de sancións tributarias poderán revisarse mediante:

- a) Os procedementos especiais de revisión, o recurso de revisión e as reclamacións económico-administrativas.
- b) Os procedementos especiais de revisión, o recurso de reposición e as reclamacións económico-administrativas.
- c) Soamente mediante os procedementos especiais de revisión establecidos.
- d) Os procedementos especiais de revisión, o recurso de súplica e as reclamacións económico-administrativas.

24 - Se a demanda nun procedemento contencioso-administrativo, unha vez recibido o expediente, non se presenta no prazo establecido no procedemento ordinario:

- a) O Xulgado ou Sala, só a instancia de parte, declarará por providencia a caducidade do recurso.
- b) O Xulgado ou Sala, de oficio, declarará por sentenza a caducidade do recurso.
- c) O Xulgado ou Sala, só a instancia de parte, declarará por sentenza a caducidade do recurso.
- d) **O Xulgado ou Sala, de oficio, declarará por auto a caducidade do recurso.**

25 - Cando se pode solicitar a adopción de medidas cautelares nun procedemento contencioso-administrativo?

- a) Unicamente antes de presentarse a demanda.
- b) Unicamente no escrito de demanda.
- c) **En calquera estado do proceso.**
- d) Unicamente no escrito de contestación á demanda.

Preguntas de reserva

1 – O Tribunal Superior de Xustiza de Murcia ditou unha sentenza desacollidora en primeira e única instancia en materia de sanción da Lei estatal de transportes terrestres, imposta por unha administración autonómica, sendo a contía do preito de 167.000 €. En vía administrativa vostede alegou infracción da Lei estatal de transportes terrestres, do principio de tipicidade e prescrición. Cabe formular recurso de casación ante o Tribunal Supremo?

- a) En ningún caso, dada a contía litixiosa.
- b) Si, todas as sentenzas dos Tribunais Superiores de Xustiza son recorribles en casación.
- c) Non, pois trátase de recurso de casación ante o propio Tribunal Superior de Xustiza, ao ter sido ditado por un órgano autonómico.
- d) **Si, pois o recurso poderá fundarse en infraccións de normas de Dereito estatal, invocadas oportunamente no proceso.**

2 – María sufriu o 3 de xaneiro de 2021 unha caída na vía pública que lle provocou graves lesións, ao pisar un pavimento en mal estado. Hoxe en día continúa de baixa e está pendente de curación. Pregunta ao seu avogado, Jacinto, cando vai reclamar os danos. Que lle debe responder?

- a) O prazo para reclamar venceu o 3 de xaneiro de 2022, polo que xa non pode reclamar.
- b) O prazo para reclamar é de catro anos, ao ser unha acción persoal civil.
- c) **O prazo empezará a computarse desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas.**
- d) O dereito a reclamar prescribiu aos seis meses de producirse o feito que motiva a indemnización.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN LABORAL

1 – Manuel foi despedido do centro comercial onde traballa e quere saber que prazo ten para impugnar o seu despedimento. Indique a resposta correcta.

a) O traballador poderá reclamar contra o despedimento dentro dos vinte días naturais seguintes a aquel en que se produciu o despedimento. Este prazo será de caducidade para todos os efectos. Computaranse os sábados, os domingos e os festivos na sede do órgano xurisdiccional.

b) O traballador poderá reclamar contra o despedimento, dentro dos vinte días hábiles seguintes a aquel en que se produciu o despedimento. Este prazo será de caducidade para todos os efectos. Non se computarán os sábados, os domingos e os festivos na sede do órgano xurisdiccional.

c) O traballador poderá reclamar contra o despedimento, dentro dos trinta días hábiles seguintes a aquel en que se produciu o despedimento. Este prazo será de caducidade para todos os efectos. Non se computarán os sábados, os domingos e os festivos na sede do órgano xurisdiccional.

d) O traballador poderá reclamar contra o despedimento, dentro dos trinta días naturais seguintes a aquel en que se produciu o despedimento. Este prazo será de caducidade para todos os efectos. Computaranse os sábados, os domingos e os festivos na sede do órgano xurisdiccional.

2 – Na empresa onde traballa Carlos, o seu empregador quere efectuar un despedimento colectivo. Indique a resposta correcta.

a) Nos despedimentos colectivos poden concorrer causas técnicas, económicas, organizativas ou de produción.

b) Nos despedimentos colectivos poden concorrer causas técnicas, económicas e de produción, pero nunca organizativas.

c) Nos despedimentos colectivos poden concorrer causas económicas, de produción e organizativas, pero nunca técnicas.

d) Nos despedimentos colectivos non é necesario que concorran nin causas técnicas, nin económicas, nin organizativas nin de produción, pero debe producirse o despedimento de polo menos dez traballadores nun prazo de trinta días.

3 – Aimar ten un problema laboral e decide acudir aos órganos xurisdicionais. Preséntase nun despacho profesional preguntando se para iso necesariamente debe contratar a un profesional da avogacía. Indique a resposta correcta.

a) Debe comparecer representado por profesional da avogacía e da procura ou ben mediante graduado social, á súa elección. A representación debe conferirse mediante poder outorgado por comparecencia ante o letrado da Administración de Xustiza ou por escritura pública.

b) As partes poderán comparecer por si mesmas ou conferir a súa representación a profesional da avogacía, da procura, graduado social colexiado ou calquera persoa que se estea no pleno exercicio dos seus dereitos civís.

- c) As partes poderán comparecer por si mesmas, pero se deciden conferir a súa representación a terceiro, necesariamente debe ser profesional da avogacía, de da procura ou graduado social colexiado.
- d) As partes deben comparecer obrigatoriamente mediante profesional da avogacía e procura.

4 – Itziar é unha nova traballadora do sector da moda que solicitou á súa empresa unha adaptación na duración e distribución da súa xornada para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida familiar e laboral. A falta de resposta xeroulle a necesidade de contratar servizos profesionais de coidados e outra serie de gastos. Finalmente acode ao seu despacho para facer valer os seus dereitos. Cal das seguintes respostas considera correcta?

- a) Na demanda do dereito á medida de conciliación poderá acumularse a acción de danos e perdas causados ao traballador, exclusivamente polos derivados da negativa do dereito ou da demora na efectividade da medida.
- b) Terá que iniciar dous procedementos separados para reclamar o dereito á medida de conciliación por unha banda e a acción de danos e perdas por outro.
- c) Non pode reclamar por danos e perdas. A empresa non ten a obrigaón de contestar á súa solicitude.
- d) Terá que escoller entre reclamar a medida de conciliación ou a indemnización de danos e perdas.

5 – Representando á mercantil ZZZ S.L., interpuxo vostede demanda para impugnar a imposición dunha recarga de prestacións da Seguridade Social por falta de medidas de seguridade. O seu cliente tivo que aboar unha importante cantidade polo accidente laboral sufrido por unha das persoas traballadoras do seu cadro de persoal. O empresario insiste en recorrer en suplicación contra a sentenza. Indique a resposta correcta.

- a) Non ten máis que anunciar o recurso.
- b) Terá que anunciarlo e consignar como depósito 300€.
- c) Terá que anunciarlo e consignar como depósito 1.000€.
- d) Non pode recorrer en suplicación contra a sentenza.

6 – Se unha empresa conta con vinte e tres empregados, a quen corresponde a representación destes para a defensa dos seus intereses?

- a) Aos delegados de persoal en número de tres.
- b) A un só delegado de persoal.
- c) Ao comité de empresa cun máximo de tres membros.
- d) Ao comité de empresa cun máximo de trece membros.

7 – O comité de empresa ten dereito a ser informado polo empresario sobre as previsións de celebración de novos contratos, con indicación do número destes e das modalidades e tipos que serán utilizados, incluídos os contratos a tempo parcial, a realización de horas complementarias polos traballadores contratados a tempo parcial e dos supostos de subcontratación. Con que frecuencia?

- a) Cunha periodicidade mensual.
- b) Cunha periodicidade trimestral.**
- c) Cunha periodicidade quincenal.
- d) No prazo de dez días seguintes a aquel en que tivesen lugar.

8 – Existe previsión legal que fixe a duración máxima de vixencia dos convenios colectivos?

- a) Si. Os convenios colectivos terán unha duración máxima dun ano.
- b) Si. Os convenios colectivos terán unha duración máxima de cinco anos.
- c) Non. Os convenios colectivos terán unha duración indeterminada ata que medie denuncia expresa dunha das partes.
- d) Non. Corresponde ás partes negociadoras establecer a duración dos convenios, e eventualmente poden pactarse distintos períodos de vixencia para cada materia ou grupo homoxéneo de materias dentro do mesmo convenio.**

9 – A Erea, empregada dunha zapatería, comunicánlle que a partir do mes seguinte cambiará a súa quenda de traballo por necesidades da empresa. A traballadora non está conforme con esta decisión. Ten dereito a extinguir o seu contrato?

- a) Non. Erea debe aceptar en todo caso a modificación da empresa se está amparada en razóns económicas e organizativas.
- b) Si. Erea pode solicitar a extinción do seu contrato, pero non terá dereito a indemnización algunha.
- c) Si. Se Erea resultase prexudicada por esta modificación, pode optar entre rescindir o seu contrato, percibindo unha indemnización de vinte días de salario por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de nove mensualidades, ou impugnar a decisión ante a xurisdición social.**
- d) Si. Se Erea resultase prexudicada pola devandita modificación, pode optar entre rescindir o contrato, percibindo unha indemnización de trinta e tres días de salario por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano e cun máximo de vinte e catro mensualidades, ou impugnar a decisión ante a xurisdición social.

10 – A empresa XXX S.L., que ocupa a catrocentos vinte e cinco traballadores, decide, ante as dificultades económicas que atravesará, modificar o sistema de comisións que perciben os vinte e oito empregados que prestan os seus servizos no departamento comercial. Como se cualificaría esta decisión empresarial?

- a) Trátase dunha modificación de carácter colectivo, xa que afecta polo menos a vinte traballadores nunha empresa que conta con máis de trescentos.

- b) Trátase dunha modificación colectiva, xa que a empresa ten máis de trescentos traballadores, con independencia do número concreto de afectados pola medida.
- c) Trátase dunha modificación individual das condicións de traballo, xa que afecta a menos de trinta empregados nunha empresa con máis de trescentos traballadores.
- d) Non podemos falar de modificacións de contrato ao vir amparadas en causas económicas.

11 – Nahia subscribiu coa mercantil YYY S.L. un contrato de formación en alternancia para compatibilizar a actividade laboral coa etapa final do seu proceso formativo, no cal as partes pactaron unha duración do contrato de oito meses. Chegado o vencemento do mesmo, Nahia non conseguiu o diploma de estudos asociado ao seu contrato formativo. Indique a resposta correcta.

- a) Se ambas as partes están de acordo pode prorrogarse por un mesmo período de ata oito meses, sen superar nunca a duración máxima de dezaseis meses.
- b) Se ambas as partes están de acordo poderá prorrogarse ata a obtención do devandito diploma sen superar nunca a duración máxima de dous anos.
- c) Non é posible a prórroga deste tipo de contratos.
- d) O contrato pode prorrogarse ata a obtención do devandito diploma sen superar nunca a duración máxima de dous anos, pola soa petición de Nahia.

12 – A Bernat, empregado laboral a tempo parcial na Consellería de Educación da Comunidad de Madrid, comunicanlle a finalización do seu contrato. Non está conforme coa devandita decisión e decide impugnala. Cal sería a orde xurisdiccional competente para coñecer da súa demanda?

- a) Á orde xurisdiccional social, ao tratarse de persoal laboral ao servizo dunha Administración pública.
- b) Á orde xurisdiccional contenciosa-administrativo, xa que o empregador é unha Administración pública.
- c) Á orde xurisdiccional civil.
- d) Á Sala do Social do Tribunal Supremo.

13 – A Meritxell ofrecéronlle un contrato de traballo a tempo completo para unha importante empresa do sector da telecomunicación e desexa coñecer o número máximo de horas ordinarias de traballo efectivo ao día que pode realizar. Marque a resposta correcta.

- a) A lexislación laboral non fixa o máximo, remitíndose nesta cuestión ao pactado no convenio colectivo do sector.
- b) Oito horas, salvo que por convenio colectivo ou, na súa falta, acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores, se estableza outra distribución do tempo de traballo diario, respectando en todo caso o descanso entre xornadas. No caso de menores de dezaioito anos o máximo será de sete horas diarias de traballo efectivo.
- c) Oito horas, salvo que por convenio colectivo ou, na súa falta, acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores, se estableza outra distribución do tempo de

traballo diario, respectando en todo caso o descanso entre xornadas. O mesmo límite aplícase aos menores de dezoito anos.

d) Nove horas, salvo que por convenio colectivo ou, na súa falta, acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores, se estableza outra distribución do tempo de traballo diario, respectando en todo caso o descanso entre xornadas. No caso de menores de dezoito anos o máximo será de oito horas diarias de traballo efectivo.

14 – En cal dos seguintes supostos a lexislación laboral admite a suspensión do contrato de traballo con recíproca exoneración das obrigacións de traballar e remunerar?

a) Por mutuo acordo das partes.

b) Por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo para atender necesidades urxentes de menores de seis anos ou de menores de idade maiores de seis anos con discapacidade ou que polas súas circunstancias e experiencias persoais ou por provir do estranxeiro teñan especiais dificultades de inserción social e familiar debidamente acreditadas polos servizos sociais competentes.

c) Durante o descanso de fin de semana.

d) Durante o descanso entre xornadas.

15 – Daliana prestou servizos nas provincias de León, Segovia e Burgos por conta da mercantil AAA S.L. con domicilio social en Barcelona. Ao recibir comunicación de despedimento decide presentar demanda. Que xulgado ou tribunal é competente territorialmente para coñecer da demanda?

a) A demanda ten que presentarse necesariamente ante os Xulgados do Social de Barcelona, onde a empresa demandada ten o seu domicilio.

b) A demanda poderá presentarse ante o Xulgado do Social dalgunha das distintas circunscricións territoriais nas que prestou os seus servizos, podendo elixir Daliana entre aquel no que teña o seu domicilio, o do contrato, se estando nel o demandado puidese ser citado, ou o do domicilio do demandado.

c) A demanda deberá presentarse ante a Sala do Social da Audiencia Nacional, xa que afecta o territorio de varias Comunidades Autónomas.

d) Ten que presentarse ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Castela-León, ao prestar os seus servizos en distintas provincias do territorio desta Comunidade Autónoma.

16 – Durante a cea de Nadal da empresa GGG S.L., Uxío comenta con algúns compañeiros a súa condición de persoa transexual. Ao regreso das vacacións do Nadal notifícanlle a modificación do seu horario de traballo por razóns organizativas e produtivas. Considerando que foi discriminado pola súa condición sexual, interpón demanda solicitando ser restituído no seu anterior horario de traballo, que se declare a vulneración de dereitos fundamentais e que o indemnicen economicamente polos danos e perdas sufridos. Cal debería ser a tramitación deste procedemento?

a) As demandas de modificación substancial de condicións de traballo en que se invoque lesión de dereitos fundamentais e liberdades públicas tramitaranse inescusablemente conforme a modalidade procesual de modificación substancial de condicións de traballo, acumulando nelas as pretensións de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas coas propias da modalidade procesual respectiva.

b) As demandas de modificación substancial de condicións de traballo en que se invoque lesión de dereitos fundamentais e liberdades públicas tramitaranse inescusablemente conforme a modalidade procesual de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas, que non pode acumularse nin pode tramitarse por outra modalidade procesual.

c) Non é posible acumular as súas pretensións no mesmo procedemento, polo que deberá presentar unha demanda de modificación substancial de condicións de traballo e outra de tutela de dereitos fundamentais, á que poderá acumular a petición de indemnización, se o desexa.

d) Poderá acumular a acción de modificación substancial de condicións de traballo e a de tutela de dereitos fundamentais, pero non a de reclamación de indemnización de danos e perdas, sen prexuízo da súa reclamación posterior se se recoñece a existencia de vulneración.

17 – Dous empregados da empresa PPP S.L. presentan senllas demandas contra ela reclamando un complemento de nocturnidade previsto no convenio colectivo de aplicación. Ao recaer en distintos xulgados, é posible a acumulación das demandas?

a) Os procedementos poden acumularse de oficio ou a instancia de parte e corresponderá coñecer ao xulgado ao que se repartiu a primeira demanda.

b) Os procedementos de reclamación de cantidade non poden acumularse nunca.

c) Os procedementos poden acumularse a pedimento de calquera das partes e corresponderá coñecer a aquel ante o que se solicite.

d) Os procedementos poden acumularse, pero exclusivamente se o piden ambas as partes de común acordo.

18 – Joan recibe resolución da Seguridade Social denegando a incapacidade permanente que solicitaba dadas as patoloxías que sofre. Non está conforme e pensa se presentar unha demanda. Pode facelo directamente perante o Xulgado do Social ou é imprescindible algún trámite previo?

a) Pode facelo directamente, xa que este proceso en materia de prestacións de Seguridade Social por incapacidade permanente non esixe trámite previo algún.

b) Debe presentar papeleta de conciliación ante o servizo administrativo correspondente ao ser requisito previo para tramitar estes procesos.

c) Debe presentar reclamación previa en vía administrativa ante a Entidade Xestora.

d) Para a presentación da demanda cómpre que previamente dirixa escrito á empresa manifestando a súa desconformidade.

19 – Acaba de finalizar a vista dun xuízo por reclamación de salarios por un importe total de 3.500 €. É posible o ditado de sentenza oral?

a) Non, pois non está previsto en ningún caso o ditado de sentenzas orais no proceso laboral.

b) **Non neste caso, dado que por razón da contía cabe recurso de suplicación.**

c) Si. Sempre que as partes estean presentes, é posible o ditado oral de sentenza, aínda que por razón da contía ou da materia sexa susceptible de recurso de suplicación.

d) Si, aínda que soamente se ambas as partes compareceron.

20 – No trámite de proposición de proba durante a vista, Julia, avogada da empresa demandada, propón como proba a reprodución no acto da gravación dunhas imaxes tomadas no centro de traballo sen coñecemento nin consentimento do persoal da empresa. Eduardo, avogado do traballador, non está de acordo. Como debe proceder se entende que existe vulneración dun dereito fundamental?

a) Se entende que na obtención da proba se puideron vulnerar dereitos fundamentais ou liberdades públicas, deberase formular protesta formal, unha vez que sexa admitida polo órgano xudicial.

b) Se se entende que na obtención da proba se puideron vulnerar dereitos fundamentais ou liberdades públicas, esta cuestión deberá suscitarse no momento da proposición de proba e o xuíz ou tribunal, tras oír as partes e, de ser o caso, practicar proba, resolverá no acto. Contra esta resolución non cabe recurso.

c) As cuestións relativas a vulneración de dereitos fundamentais e liberdades públicas na obtención das probas no proceso laboral deberán suscitarse no momento de anunciar recurso de suplicación.

d) **Se se entende que na obtención da proba se puideron vulnerar dereitos fundamentais ou liberdades públicas, esta cuestión deberá suscitarse no momento da proposición de proba, e o xuíz ou tribunal, tras oír as partes e, de ser o caso, practicar proba sobre este aspecto, resolverá no acto. Contra esta resolución só caberá reposición que se resolverá oralmente.**

21 – Dámaso iniciou un período de incapacidade temporal derivado de accidente laboral. A empresa dille que lle aboará o correspondente subsidio desde o día cuarto da baixa, non percibindo salario nin subsidio polos días previos. É isto correcto?

a) O subsidio aboarase desde o segundo día de baixa no traballo, non percibindo salario nin prestación ata entón.

b) O subsidio será aboado desde o primeiro día polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou, de ser o caso, pola Mutua correspondente.

c) **En caso de accidente de traballo, o subsidio aboarase desde o día seguinte ao da baixa no traballo, estando a cargo do empresario o salario íntegro correspondente ao día da baixa.**

d) En caso de accidente de traballo, o subsidio será aboado a partir do cuarto día de baixa no traballo polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou, de ser o caso, pola Mutua correspondente, se ben desde o día cuarto ao décimo quinto de baixa, ambos inclusive, o subsidio estará a cargo do empresario.

22 – Tras a tramitación do correspondente recurso de suplicación presentado pola Entidade Xestora, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza competente dita sentenza pola que revoga a que na instancia lle recoñeceu ao demandante o dereito á cobro da prestación por incapacidade permanente total. Está obrigado este a reintegrar as cantidades percibidas durante o período de execución provisional?

- a) Si. Se a sentenza favorable ao beneficiario fose revogada en suplicación estará obrigado ao reintegro da totalidade das cantidades percibidas.
- b) Non é posible que percibise ningunha cantidade en concepto de prestación de pago periódico, posto que estas sentenzas só son executivas ao alcanzar firmeza.
- c) Non. Se a sentenza favorable ao beneficiario for revogada, en todo ou en parte, non estará obrigado ao reintegro das cantidades percibidas durante o período de execución provisional, pero non poderá reclamar que se lle aboen as prestacións devindicadas durante a tramitación do recurso que aínda non percibise na data de firmeza da sentenza.
- d) Non. Se a sentenza favorable ao beneficiario for revogada, en todo ou en parte, non estará obrigado ao reintegro das cantidades percibidas durante o período de execución provisional, e ademais conservará o dereito a que se lle aboen as prestacións devindicadas durante a tramitación do recurso e que non percibise aínda na data de firmeza da sentenza.

23 – Nun proceso por despedimento recae sentenza que o declara improcedente. A empresa, non conforme, interpón recurso, se ben opta pola readmisión. Está neste caso o traballador durante a tramitación do recurso obrigado a continuar prestando servizos para a empresa?

- a) Si. Neste caso mentres dure a tramitación do recurso continuará o traballador prestando servizos con dereito a percibir a mesma retribución que viña percibindo con anterioridade, a menos que o empresario prefira facer o pago aludido sen compensación ningunha.
- b) Non. Neste caso o traballador podería no prazo de dez días notificar á empresa que prefire absterse de prestar servizos durante a tramitación do recurso, e nese caso non percibiría retribución ningunha durante este período.
- c) Si. Neste caso, o empresario queda obrigado, mentres dure a tramitación do recurso, a satisfacer ao recorrido a mesma retribución que viña percibindo con anterioridade a producirse aqueles feitos, e o traballador a continuar prestando servizos.
- d) Se a empresa decide interpoñer recurso de suplicación tras a sentenza que declara improcedente o despedimento non cabe opción por readmisión senón só pola indemnización.

24 – Os corenta e cinco traballadores da empresa HHH S.L. deciden reunirse en asemblea para trataren cuestións relacionadas coas súas condicións laborais e comunican ao empresario que o farán á semana seguinte no centro de traballo e ao comezo da xornada laboral. Pode o empresario negarse?

- a) Non pode negarse. Está obrigado a facilitar o centro de traballo para a realización da asemblea e obrigado a permitir que se desenvolva no horario que decidan os empregados.
- b) Si pode negarse. Non existe obrigación de facilitar o centro de traballo en ningún caso para a realización de asembleas de traballadores, e tamén pode negarse a que teña lugar durante as horas de traballo.
- c) Está obrigado a facilitar o centro de traballo para a realización da asemblea, pero pode negarse a que teña lugar en horas de traballo.
- d) Non está obrigado a facilitar o centro de traballo en ningún caso, pero si ha de permitir que teña lugar en horas de traballo.

25 – En materia de recursos no proceso laboral sobre impugnación de sanción, cal das seguintes respostas é a correcta?

- a) Non procederá recurso de suplicación nos procesos relativos a impugnación de sanción por falta que non sexa moi grave, así como por falta moi grave non confirmada xudicialmente.
- b) Nos procesos de sanción non cabe recurso de suplicación.
- c) Só procede recurso de suplicación nos procesos de sanción cando se trata de falta cualificada como moi grave.
- d) Nos procesos relativos a impugnación de sanción sempre cabe recurso de suplicación.

Preguntas de reserva

1 – O proceso de conflito colectivo:

- a) Ten natureza ordinaria.
- b) Ten carácter urxente e preferencia absoluta sobre calquera outro, agás os de tutela dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.
- c) É un proceso urxente e preferente respecto doutros, salvo os de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas e os de conciliación de vida persoal, familiar e laboral.
- d) É un proceso urxente pero non preferente.

2 – No proceso monitorio se se formula oposición só en canto a parte da cantidade reclamada, cal das seguintes respostas é a correcta?

- a) O xulgado despachará execución en todo caso.
- b) Darase traslado á parte actora, que dispoñerá de catro días para presentar demanda ante o Xulgado do Social. Caso contrario, terase por desistido.
- c) O demandante poderá solicitar do xulgado que se dite auto que acolla a reclamación en canto ás cantidades recoñecidas ou non impugnadas. Este auto servirá de título de execución, que o demandante poderá solicitar mediante simple escrito sen necesidade de esperar á resolución que recaia respecto das cantidades controvertidas.
- d) O demandante poderá solicitar do xulgado que se dite auto que acolla a reclamación en canto ás cantidades recoñecidas ou non impugnadas. Este auto servirá de título de execución cando recaia resolución respecto das cantidades controvertidas.